



O MONTE

Revista da Asociación Forestal de Galicia



Actualidade da Rede Natura 2000 en Galicia

A elección da especie nas plantacións forestais

Claves da biomasa térmica

Novidades no prezo do eucalipto

Ahora más que nunca,
es el momento de visualizar en
grande



FOREXPO

El salón europeo de la silvicultura y la explotación forestal

6-7-8 JUNIO 2012 MIMIZAN

FRANCIA

www.forexpo.fr



¿A onde imos?

Francisco J. Fernández de Ana Magán
Presidente

ENCARAMOS O 2012 CUN NOVO GOBERNO CENTRAL e coa ameaza dunha forte regresión económica; seguimos asistindo a un vendaval de destrución de emprego, promesas electorais, cambio de goberno, máis destrución de emprego e non entendemos nada. A culpa é sempre dos outros. E a xente pregúntase ¿Quen xoga con todos nos como se foramos bonecos sen sentimentos nin necesidades?

Os propietarios forestais, particulares ou comunidades de montes veciñais, somos xente que non vive ao día; sabemos ben que a riqueza no monte é función de tempo; é a quenda que tardan as árbores en chegar á súa dimensión comercial-productiva. Este criterio non é especulativo é o resultado dun proceso natural creador de bens. Pode que este xeito de ver as cousas volva ser primordial para o futuro deste país galego que conta cun grande potencial productivo, tanxible e intanxible. Crear riqueza propia cos nosos medios e non especular a conta dos demais, enganando aos máis febles como se fixo nos últimos decenios, facéndonos crer que eramos ricos cando non o eramos.

Isto que parece ben sinxelo pode resultar complexo para moita xente que non foi criada no traballo, no aforro e na axuda aos demais. Queremos medrar máis do que se pode e nós sabemos que as cousas necesitan o seu tempo para facerse. A cultura, o coñecemento, o traballo e a ansia de mellorar integralmente é a base da prosperidade dun pobo.

Neste tempo de crise os forestais galegos sabemos que os nosos montes non se poden abandonar xa que son asociacións vivas de seres que precisan do noso tratamento e coidado. Isto facémolo aínda que os produtos obtidos non sexan valorados axeitadamente por mor da situación económica. Nós traballamos no presente cara o futuro e con isto axudamos á estabilidade do país aportando postos de traballo e mantendo o medio natural.

Ben seguro que as cousas económicas teñen que volver ao rego; o mundo é máis rico que nunca e contamos cos medios para rexurdir de novo; o problema é que volveremos caer nas mesmas se os políticos e todos nós non aprendemos desta situación de crise que creamos coa nosa actitude.

O problema é que non sabemos onde imos, nin temos un proxecto en común para este sector forestal. Cada quen (organización) tira para si, inda que afunda á outra parte e dese xeito non acadaremos un obxectivo que sirva a este país nin ao mesmo sector que precisa de todos.

Precisamos un líder, un liderado sectorial que anime a facer una política de futuro, que marque o carreiro por onde temos que circular contando cos intereses do conxunto (silvicultores, ambientalistas, empresas forestais e industria transformadora) e que dalgún xeito cheguemos a deseñar a nosa filosofía. Para isto precísase xente pensante que faga chegar as súas ideas á sociedade en xeral e particularmente aos políticos.

Estou convencido de que Galicia ten un puntal económico importantísimo no monte como xerador de riqueza e benestar; tristemente os políticos, elixidos por nós, soamente ven a catro anos vista e iso incapacítaos para liderar este proxecto. Ten que ser a sociedade quen marque ese carreiro e logo esixa a eses políticos a súa plasmación no Parlamento Galego.

Sumario



5 ACTUALIDADE

Actualidade da Rede Natura 2000 en Galicia

Sobre la inclusión de los brezales-tojales del área costera del norte de Galicia en la Red Natura

La gestión de montes y la Red Natura 2000



14 ENTREVISTA

José Luis Soloso Tiagonce, propietario forestal en Oroul, O Vicedo e Viveiro

18 LEXISLACIÓN

En trámite a Lei de Montes de Galicia

Gando mostrenco nos montes

Lei de mobilidade de terras



24 SILVICULTURA

A elección da especie nas plantacións forestais

28 SANIDADE FORESTAL

Situación actual del nematodo del pino en Galicia

O goniptero continúa co seu ataque aos eucaliptares galegos

32 BIOMASA

Las claves de la biomasa térmica de aquí al 2020

34 PROXECTOS

O proxecto Silvaplus



36 ASEMBLEA

39 NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS

40 NOTICIAS BREVES

47 AXENDA

49 MADEIRA

Edita: Asociación Forestal de Galicia _ **Consello de redacción:** Francisco J. Fernández de Ana Magán, Francisco Dans del Valle, Julio Ruiz Cagigal, Celsa Sánchez Vázquez, Braulio Molina Martínez, M^a Cristina Verde Figueiras _ **Equipo de redacción:** Francisco J. Fernández de Ana Magán, Xosé Covelo Míguez, Francisco Dans del Valle, Enrique García Martínez, Braulio Molina Martínez, Julio Ruiz Cagigal, Celina Veiga Hortas, M^a Cristina Verde Figueiras _ **Coordinación:** M^a Cristina Verde Figueiras _ **Deseño e maquetación:** seteseoito _ **Fotografía de portada:** M^a Cristina Verde Figueiras _ **Fotografías:** José Luis Corral Rey, Enrique García Martínez, Miguel Muñiz, Carmen González Mao, Francisco Dans del Valle, Ramón M^a Díaz Blanco, José Luis Díaz Rodríguez, Braulio Molina Martínez, Antonio Rigueiro Rodríguez, Julio Ruiz Cagigal, Celina Veiga Hortas e M^a Cristina Verde Figueiras _ **Imprime:** Litorar Artes Gráficas _ **ISSN** 1699-5457 _ **Sede Central:** Rúa do Vilar, nº 33, 1º 15705 Santiago de Compostela Tel.: 981 564 011 Fax: 981 563 379 asforgal@iies.es _ **Oficina en Xinzo-Ponteareas:** Centro Cultural de Xinzo 36891 Ponteareas (Pontevedra) Tel. e fax: 986 660 864 afgxinzo@iies.es _ **Oficina en As Pontes:** Avda. de Ortigueira, nº 49, baixo 15320 As Pontes (A Coruña) Tel. e fax: 981 440 537 afgpontos@iies.es

A Asociación Forestal de Galicia é membro fundador da Unión de Silvicultores do Sur de Europa (USSE), da Confederación de Organizaciones de Selvicultores de España (COSE), do Instituto Europeo do Bosque Cultivado (IEBC), da Confederación Europea de Propietarios Forestais (CEPF) e da Asociación para a Certificación da Xestión Forestal Sostible (PEFC-España).

IMPRESO EN PAPEL ECOLÓXICO "PRESCOL" SARRIÓ PAPEL. 90% PASTA DE FIBRA VIRXE DE EUCALIPTO PROCEDENTE DE BOSQUES DE XESTIÓN SOSTIBLE.



Actualidade da Rede Natura 2000 en Galicia

A Xunta de Galicia está elaborando o Plan Director da Rede Natura 2000. Durante o pasado verán estivo aberto un proceso de participación pública na elaboración deste documento que, entre outras cousas, regulará as actividades nestes espazos. Paralelamente estanse elaborando os plans reitores de uso e xestión de varios espazos protexidos, entre eles o das Fragas do Eume e estase ampliando o espazo ocupado pola Rede Natura 2000.

O PLAN DIRECTOR DA REDE NATURA 2000, agora en elaboración, ten unha gran importancia xa que deberá dar as pautas para a xestión das propiedades forestais nos espazos protexidos e axudará a evitar decisións subxectivas á hora de permitir ou prohibir por parte da Administración as actuacións que hoxe en día requiren permiso como poden ser as cortas ou as novas repoboacións.

Sen embargo, tanto a lectura do borrador Plan Director da Rede Natura 2000 como do Plan reitor de uso e xestión das Fragas do Eume, ofrécenos una perspectiva pouco alentadora, son documentos de análise dos espazos minuciosos, pero con grandes carencias nas medidas de xestión, nas que se contemplan aspectos xeneralistas e criterios moi subxectivos que poden dar lugar a interpretacións moi diversas da súa normativa.

A Asociación Forestal de Galicia presentoulle ao director xeral as observacións ao Plan Direc-

tor da Rede Natura 2000. O pasado mes de decembro o presidente da Asociación Forestal de Galicia, Francisco Fernández de Ana, e máis o director Francisco Dans reuníronse co director xeral de Conservación da Natureza, Ricardo García-Borregón, para facerlle chegar as observacións dos propietarios forestais ao borrador do Plan Director da Rede Natura 2000, que se resumen nos seguintes seis puntos:

- A complexidade e extensión do Plan Director fai difícil a súa análise e comprensión, en todo caso, dado que a meirande parte dos espazos naturais protexidos de Galicia son de propiedade privada, cumpriría poñer en marcha procedementos sinxelos de aplicación do Plan.
- É preciso facilitar a identificación de parcelas dentro da zonificación dos diferentes espazos, tal como se presentan resulta complicado identificar onde se atopan as propiedades en relación ás zonas establecidas. Deberíase aportar



Carteis anunciadores do Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) Sistema fluvial Ulla-Deza (A Coruña-Pontevedra) e LIC Serra do Cando (Pontevedra).

un parcelario con posibilidade de localización das fincas segundo zonas.

- Respecto á normativa zonal das actividades forestais empréganse criterios moi subxectivos que poden dar lugar a interpretacións moi diversas da súa normativa e que habería que corrixir. Aos efectos de clarificar as posibilidades de xestión nas zonas de actividades forestais, deberíase introducir na normativa un apartado destinado aos plans de xestión, de tal forma que os propietarios que dispuxeran dun plan técnico ou de modelo de silvicultura aprobado pola autoridade forestal, puideran realizar as actividades contempladas sen os impedimentos e regulacións con criterios subxectivos que aparecen na normativa.
- Na memoria económica do Plan non figura ningún concepto que recolla as compensacións aos propietarios que vexan limitado o uso dos seus bens e recursos derivado da declaración de espazo natural protexido.
- Ao igual que se citan directrices e fondos comunitarios para investimentos forestais non produtivos deberían citarse os fondos FEADER contemplados para compensar o custo adicional ou o ingreso perdido como consecuencia do cumprimento das directivas Aves, Hábitats e Auga.
- Os propietarios encontrarán unha gran dificultade para coñecer as disposicións legais que afectan ás actividades dada a profusión de normativa existente.

Paralelamente á elaboración do Plan Director, estase ampliando a RN 2000 por mandato da UE, que considerou insuficiente a representatividade de determinados hábitats nas 389.566 ha actuais

O director xeral tomou nota das propostas e anunciou que despois de analizar as alegacións presentadas, o Plan está sendo mellorado polos técnicos da dirección xeral de Conservación da Natureza, incorporando criterios forestais máis axeitados. Espérase ter un novo borrador nas próximas semanas e abrirase un novo período de alegacións. O obxectivo é aprobalo mediante Decreto da Xunta antes do verán do 2012.

Parecelle boa idea elaborar un documento divulgativo dirixido os propietarios coa normativa que afecta á xestión dos montes e informou que a Rede Natura vaise ampliar en 154.000 ha a maiores das que ocupa actualmente.

O director xeral tamén anunciou que non parece que poidan existir recursos económicos para compensacións, pero haberá axudas para a silvicultura dentro dos espazos da Rede Natura, e informou que vai centrar as axudas para áreas boscosas da Rede Natura en actuacións de silvicultura non



LIC Os Ancares-O Courel (Lugo).



LIC Bidueiral de Montederramo (Ourense).

productiva e en poñer en marcha accións de custodia do territorio.

A ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia.

Paralelamente á elaboración Plan Director da Rede Natura 2000, a Xunta de Galicia está procedendo á ampliación dos espazos protexidos por mandato da Unión Europea que considerou insuficiente a representatividade de determinados hábitats nas 389.566 ha que ocupa na actualidade.

Con tal motivo, durante os meses de de xaneiro, febreiro e marzo someteuse á participación do público a proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia. A AFG solicitou do director xeral de Conservación da Natureza que habilitase un procedemento sinxelo para poder coñecer a localización das parcelas de monte nas novas superficies de proposta de ampliación da Rede Natura e que se modificase o prazo de participación pública da proposta de ampliación da Rede Natura 2000, de forma que antes do seu remate se poida ter consultado o texto definitivo do Plan Director que está sendo elaborado, xa que antes de analizar a ampliación cómpre coñecer a normativa de xestión forestal que se vai aplicar nos espazos protexidos.

A AFG convocou unha reunión cos socios afectados nas Pontes, analizou cos afectados que o demandaron, a pertinencia técnica, ambiental e ecolóxica da declaración de certos espazos como protexidos, solicitando a exclusión daquelas propiedades dedicadas á produción forestal

que non se corresponden con espazos de recoñecido valor ambiental e ecolóxico.

Posteriormente a AFG solicitou ao director xeral de Conservación da Natureza:

- Que se exclúan da ampliación da Rede Natura os montes destinados á produción de madeira.
- Se pospoña o procedemento de ampliación da Rede Natura 2000 en tanto non se dote aos espazos protexidos galegos de instrumentos de xestión adecuados.
- Que unha vez aprobados os instrumentos de xestión dos espazos naturais protexidos galegos, se elabore unha nova proposta de ampliación da Rede Natura 2000.
- Que se habiliten liñas de compensación económica aos propietarios privados para contribuír ao mantemento dos espazos naturais protexidos tal e como recolle o artigo 18.2 da Lei 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestres e a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.
- Que nesta nova proposta se xustifiquen científica e tecnicamente os criterios empregados na delimitación da ampliación da Rede Natura 2000.
- Se habilite unha ferramenta cartográfica que permita a consulta doada por parte dos propietarios forestais se as súas propiedades están dentro dos límites da ampliación da Rede Natura 2000.
- Que se inicie o trámite de exclusión dos queirogais de *Erica mackaiana*, *Ulex gallii* e outros dos hábitats naturais de interese comunitario ●

Sobre la inclusión de los brezales-tojales del área costera del norte de Galicia en la Red Natura¹



Fernando Molina Rodríguez

Ingeniero de Montes, exdirector del Centro de Investigaciones Forestales de Lourizán

La formación típica de brezal-tojal del área costera del norte de Galicia en la que participan especies leñosas como *Erica mackaiana*, *Ulex gallii*, *Erica cinerea*, *Erica umbellata*, *Calluna vulgaris*, *Daboecia cantabrica* y otros matorrales, denominada en gallego *queirogal*, está muy presente en las nuevas propuestas de Lugar de Interés Comunitario (en adelante LIC) Río Baleo, Río Sor y Serra do Xistral que forman parte de la Red Natura 2000. Se trata de un ecosistema natural que posiblemente se difundió después de la última glaciación en competencia con las frondosas y ayudado por el hombre Neolítico con la poderosa y sencilla herramienta que es el fuego repetido. (...)

Al difundirse hace unos seis mil años la ganadería y la agricultura es cuando los montes rasos, en nuestro caso los brezales, se fueron extendiendo hasta casi dejar como testimoniales los bosques de frondosas. Hasta hace unas décadas, en esta zona del norte de Galicia se conservaba el pastoreo extensivo de ganado caballar en régimen de libertad, y también de ganado caprino y ovino en pastoreo extensivo pero con estabulación nocturna, y sobretodo las estivadas para cereal, que dejaban los suelos labrados y desnudos a disposición de estas especies pioneras. También ha favorecido su expansión las prácticas tradicionales de aprovecha-

La colonización natural que hace el abedul de los brezales supone un mayor peligro de alteración y desaparición del ecosistema del brezal que las repoblaciones de eucalipto y pino

miento intensivo de esquilmo y las quemadas de pasto en sitios accidentados que han degradado el suelo en favor de la presencia de los brezales. En tiempos más recientes y aún en la actualidad existe bastante ganadería caballar en régimen de libertad y últimamente se ha unido el ganado vacuno también libre, por lo que se dan buenas condiciones para que se mantenga la superficie del brezal sin una temida reducción drástica. (...)

El Anexo I de la Directiva 92/43/CEE considera el hábitat de los brezales húmedos atlánticos de zonas templadas de *Erica ciliaris* y *Erica tetralix* como un hábitat natural prioritario. El hecho de ser considerado hábitat de interés comunitario se supone que se debe a que tiene un área de distribución natural restringida para el caso de *Erica ciliaris* y *Erica tetralix*, por sólo aparecer en terrenos muy húmedos y no a su amenaza de desaparición. En cambio, la *Erica mackaiana* es un endemismo del noroeste de la Cornisa Cantábrica con

No se entiende tanto afán proteccionista de dicha formación del brezal-tojal cuando se trata de comunidades vegetales directamente vinculadas a la actividad agroforestal

un área natural que va desde Pontedeume hasta la Comunidad de Cantabria. En el caso de Galicia, su omnipresencia en amplios tipos de ambientes y su población abundante y estable en su área de distribución natural no parece padecer una apreciable regresión superficial. El tratamiento que se le concede de hábitat prioritario responde según la Directiva 92/43/CEE al hecho de que se considera amenazado de desaparición. Aplicar este status de riesgo al brezal-tojal del área costera del norte de Galicia (*Erica mackaiana*, *Ulex gallii* y otros) creemos carece de fundamento.

No merece la pena dedicar tanto interés proteccionista hacia estos matorrales cuya composición específica responde menos a una sucesión puramente natural de las series de vegetación, que a la actividad ganadera y otras influencias antrópicas. Si los ganaderos de la zona deciden pastorear la sierra con yeguas exclusivamente, el matorral, con la ayuda de las quemadas, se convierte en pocos años en un brezal casi puro en el que pueden dominar según el sitio la *Erica mackaiana*, *Calluna vulgaris*, y otros brezos bajos como *Erica cinerea*, *Erica umbellata* y puntualmente *Erica ciliaris*, puesto que el caballo no come el brezo y sí come el tojo. Si deciden pastorear exclusivamente con vacuno, el matorral se convierte en pocos años en un tojal casi puro e impenetrable de *Ulex gallii*, puesto que la vaca no como el tojo y sí come el brezo. Entre estos dos casos extremos se pueden presentar todo tipo de situaciones intermedias según la composición y carga de la cabaña ganadera.

Si los propietarios deciden repoblar las laderas y los altos de la sierra con arbolado, también se alteraría la presencia de los brezos en el estrato subarbustivo, aunque en muchos casos de corta sin regeneración arbolada posterior vuelven a aparecer con relativa rapidez los brezos y tojales. También debe destacarse que las especies principales *Erica mackaiana* y *Ulex gallii* conviven mejor en el sotobosque con arbolado de eucalipto o de pino, que con las frondosas caducifolias allí presentes, abedul y roble. La razón es que disponen de más



Erica mackaiana.

luz y soportan mejor la competencia del arbolado. La colonización natural que hace el abedul de los brezales supone un mayor peligro de alteración y desaparición del ecosistema del brezal que las repoblaciones de eucalipto y pino que hacen habitualmente los propietarios de montes. (...)

Teniendo en cuenta las reflexiones anteriores no parece acertado considerar el brezal-tojal del área costera del norte de Galicia (...) como un hábitat natural en la mayor parte de su extensión, como hábitat de interés comunitario con carácter general y se considera desproporcionado clasificarlo como hábitat prioritario y por tanto amenazado.

No se entiende tanto afán proteccionista de dicha formación del brezal-tojal cuando se trata de comunidades vegetales directamente vinculadas a la actividad agroforestal y, no como se refleja en muchos estudios, a una etapa final con cierta estabilidad de pura evolución natural de las series de vegetación. Creemos que lo importante sería proteger la actividad agroforestal tradicional de las zonas de montaña que es la que favorece la presencia del *queirugal* y no poner limitaciones a su desarrollo. Todos los agricultores de la comarca saben que dejada la naturaleza por sí sola la casi totalidad de los montes de *queiroga* que existen en la actualidad se convertirían de momento en bosque de abedules, como ya lo están observando ●

¹ Extracto de Informe técnico sobre la inclusión de los brezales-tojales del área costera del norte de Galicia en Red Natura presentado como anexo ás alegacións da AFG á proposta de ampliación da Rede Natura 2000.

La gestión de montes y la Red Natura 2000¹

Jesús Alcanda Vergara
Ingeniero técnico Forestal

Análisis previo del régimen de propiedad.

Antes de elaborar cualquier técnica que fundamente las prácticas de conservación de la biodiversidad de la RN2000 es necesario que exista un análisis previo de la viabilidad técnica a proponer en función del régimen de propiedad del espacio afectado.

La zonificación propuesta por la RN2000 española, que conlleva la declaración de figuras jurídicas de protección territorial, se ha realizado al margen totalmente de la propiedad y de la distribución de los terrenos según el régimen de tenencia, lo que deja sin la principal base técnico-jurídica a considerar en la estrategia de conservación de la biodiversidad de la RN2000, haciendo materialmente imposible la gestión técnica en el territorio, por desconocimiento de las posibilidades de gestión real de los objetos de protección/conservación.

Es imposible aplicar cualquier técnica si en la zonificación propuesta no se ha tenido en cuenta la propiedad y la distribución del régimen de pertenencia de los terrenos afectados por esa zonificación.

Porque la circunstancia de la propiedad en los terrenos agrarios no es una componente accesoria del hábitat que luego se pueda manejar, sino que

es una componente fundamental de cualquier ecosistema, y sus peculiaridades y características conforman el estado actual de cualquier hábitat, y constituye el parámetro principal del motor para la evolución del hábitat.

El régimen de propiedad de los terrenos es un parámetro ecológico de naturaleza jurídica fundamental a la hora de definir cualquier estructura del paisaje o de los ecosistemas que lo integran.

Esta carencia, emanada sin duda del intento de proponer una teoría científica como eje de la gestión directa del territorio, dinamita cualquier intento de desarrollar una base técnica para las prácticas de conservación de la biodiversidad en la RN2000, y hace baladí el intento de analizar cualquier otro aspecto técnico-jurídico de la definición de la Red Natura.

La ausencia de normas en la gestión de las especies vegetales protegidas.

Hoy por hoy, no se han desarrollado instrucciones o normas técnicas que guíen la persistencia y mejora de las poblaciones de la inmensa mayoría de las especies vegetales protegidas; es decir, no existen normas específicas de carácter técnico para ser ejecutadas a escala 1:1, de forma que se pudieran incorporar fácilmente en los métodos técnicos agropecuarios y forestales existentes, encaminadas a conseguir esa regeneración y/o persistencia estable de las poblaciones correspondientes a especies protegidas.

Se ha institucionalizado la no actuación y la no gestión como herramienta de las administraciones de conservación de espacios, condensada en prohibiciones que afectan a innumerables usos

Como resultado de esta ausencia de normativa técnica específica (a escala 1:1) en materia de flora protegida, la gestión aplicada sigue siendo la de una Administración fundamentalmente punitiva (que sanciona a discreción), sin base empírica, que queda a criterio del Técnico de la Administración Competente, y sin que la actuación de éste esté sujeta a reglamentación técnica específica alguna (sí norma legal, pero con ausencia de norma técnica particular o específica).

La institucionalización de la “no gestión” del monte y sus consecuencias. Cuando en el territorio inciden aspectos de conservación de la biodiversidad, son muchos los factores y circunstancias que apuntan hacia la “No Gestión” del monte, siendo ésta en no pocas ocasiones la resultante en la estrategia del territorio.

Aún existiendo intención por parte de los actuantes de todo tipo en el territorio, nunca se llega a una gestión activa y positiva de la conservación de la biodiversidad debido a la falta de una mínima normalización de la técnica en esa materia, por cuya razón no se dan las condiciones necesarias para que se produzca el acoplamiento entre esta técnica y las técnicas agropecuarias y forestales existentes.

Desde la propia administración competente en materia de conservación de la biodiversidad, y cuando tiene que intervenir en el territorio, ya sea en cuestiones particulares o en las generales, siempre enfoca su decisión hacia la no actuación, como no podría ser de otra manera puesto que la falta de una técnica normalizada (normas e instrucciones técnicas) le impide actuar de otra forma, máxime cuando se trata de decidir directa o indirectamente sobre otras actividades agropecuarias o forestales.

Es más, se ha institucionalizado la no actuación y la no gestión como herramienta fundamental de las administraciones de conservación de espacios y especies en terrenos agrarios, condensada en prohibiciones que afectan a innumerables usos.



LIC Canón do Sil (Lugo-Ourense).

El principal problema que provoca esta institucionalización de la no gestión no es la notoria merma socio-económica que causa el cese o trastorno en la gestión de los recursos agropecuarios y forestales —aún siendo ésta considerable—, sino que la extensión de la no gestión en el territorio va reduciendo progresivamente los ecotonos y los efectos borde de los ecosistemas afectados.

Lo peor de todo es que lejos de haberse demostrado que la *no gestión* es positiva para los ecosistemas, hábitat y las especies que los integran, se comprueba en estos últimos lustros que con la *no gestión* no necesariamente la comunidad evoluciona por sí sola a favor de las especies amenazadas o protegidas...; más bien, suele suceder lo contrario, y para refrescar la mente de los lectores honrados, recuérdense los casos malogrados del lince, bucardo, oso pardo, urogallo, enebro, sabina...etc, sobre terrenos de la máxima protección ambiental.

Una vez más, se llega a la misma conclusión: en el territorio donde se enfocan planteamientos para la conservación de la biodiversidad se demanda ineludiblemente una gestión técnica activa y positiva en esa materia, sin aplazamiento de ninguna clase de la correspondiente normalización de esta técnica de conservación. En caso contrario, las tensiones están servidas: tensiones técnicas, económicas, sociales, y, a la postre, ecológicas ●

¹ Extracto do documento *La gestión de montes y la Red Natura 2000*.

OPINIÓN

Ramón M^a Díaz Blanco
Propietario forestal en la Red Natura

Red Natura sí, pero no gratis



ME ENCONTRÉ DE BRUCES ante la Red Natura al recibir contestación a una solicitud de corta para una parcela de mi propiedad en el ayuntamiento de Begonte (Lugo), con arbolado de masa mixta (de pino pinaster, carballo, abedul, castaño, etc.). Algo que tradicionalmente se venía haciendo.

En el informe de valoración ambiental de la Consellería de Medio Rural de la Xunta de Galicia, me advirtieron que la finca está incluida en el ámbito del Lugar de Importancia Comunitaria Parga-Ladra-Támoga y me impusieron la prohibición de la corta a hecho, pudiendo cortar sin que la espesura del arbolado disminuya un 40%, dejando pies individuales de diámetros superiores a 45 cm.

No estoy por principio en contra de la Red, incluso me considero altruista y generoso, cuando las restricciones tienen beneficios sociales. Pero es obvio que esto genera perjuicios. La prohibición de la corta a hecho, supone que no se pueda hacer laboreo mecánico, lo que evidentemente va a hacer menos rentable la parcela, si no la condiciona gravemente por perjudicar el normal desarrollo de los nuevos árboles a la sombra de los anteriores que se deben mantener.

Se producen perjuicios inmediatos para el silvicultor y una afeción para el futuro, por quedar bloqueada cualquier posibilidad de optar por otros cultivos que puedan resultar más interesantes (agrarios, bioenergéticos, etc.). Las condiciones que imponen limitan claramente los derechos que corresponden al titular.

Comprendo que los "ciudadanos" (palabra que viene de "ciudad") quieran tener en el campo un "parque de recreo" y prefieran ver en el paisaje formas y colores variados, mejor que una monótona y uniforme plantación de un monocultivo arbóreo.

También a mí, con el mismo fundamento, se me ocurre plantear a los alcaldes "urbanos" que no me gustan las urbanizaciones de chalets adosados, con todas las casas iguales,



sino que prefiero chalets individuales con jardines y diseños variados, o, por el mismo motivo, decirle a la fábrica que no disfruto con la construcción de coches en cadena, sino que prefiero ver salir de fábrica modelos variados de distintas formas y colores...

Si la sociedad quiere conservar ciertos hábitats y especies de flora y fauna, y además conseguir la fijación del CO₂, purificar la atmósfera, controlar los procesos erosivos con fijación del manto, etc., está muy bien pero hacerlo todo ello a costa del propietario, sin plantear alguna compensación, no parece justo, incluso estaríamos ante una contradicción: penalizando precisamente a los propietarios que mejor han hecho las cosas, atendiendo en el pasado los espacios que ahora se quiere conservar.

Por eso no estoy de acuerdo con que esto se haga a nuestra costa, sin contraprestación alguna. Aún más, tengo dudas sobre los fundamentos jurídicos para disponer, por parte de los organismos reguladores, de las propiedades particulares. Porque no debe perderse de vista, que los propietarios de los montes en los que se asienta la Red, son hoy por hoy los auténticos titulares de la Red Natura.

Conclusión: Red Natura sí, pero no gratis.

OPINIÓN

Cristina Verde
Propietaria forestal

De por que os propietarios forestais galegos son alérxicos á Rede Natura ou o principio de “quen conserva, paga”

NON SERÍA DE EXTRAÑAR que despois do que se leva falado e debatido nos últimos meses sobre a Rede Natura, coincidindo coa súa ampliación e máis coa elaboración do seu Plan Director, se pense que os propietarios forestais estamos en contra da Rede Natura.

Seguramente algúns si o estarán, pero á gran maioría o que lles ocorre é que lle teñen alerxia; non é que na queiran, é que lles senta mal.

Os síntomas son moi claros, comezan a ter mareos de tanto dar voltas pedindo permisos e autorizacións, collen fortes dores lumbares por verse obrigados nalgúns casos a facer os traballos á man, procuráanse unhas gafas de aumento para poder ver ben onde poñen a laia temerosos de causar un desastre ecolóxico e acaban encerrados na casa cunha depresión por non atreverse nin a pisar os seus montes, temerosos de que coas súas pisadas se bote a perder o hábitat prioritario que lles tocou en herdanza.

Con estes síntomas non estraña pois que cando os seus veciños se decatan de que lles pretenden ampliar a Rede Natura ata as súas propiedades, se boten a tremar e intenten por todos os medios posibles fuxir de semellante andazo.

A cousa, que mesmo parece do demo, ten a súa explicación.

A declaración da Rede Natura deriva da aplicación da Directiva 92/43 do Consello da Unión Europea, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

En Galicia o tipo de propiedade forestal predominante é a privada, o que fai que máis do 90% do espazo da Rede Natura 2000 estea situada en montes privados. A maior parte destes montes son terreos fortemente antropizados nos que se levou a cabo unha silvicultura máis ou menos intensiva.

No ano 2001 publicouse a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza na que se establecían os instrumentos de xestión para os espazos protexidos e dábbase un prazo de dous anos desde a súa declaración como tales para a súa elaboración. Ao mesmo tempo que se recollía que nas zonas de especial protección dos valores naturais “poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos”.

A realidade foi que os instrumentos de xestión previstos non sempre se elaboraron, e esta ausencia de lexislación no ámbito de gran parte dos espazos protexidos, fixo que os criterios empregados na regulación da actividade forestal nestas áreas fosen diferentes segundo quen levase cada caso nos Servizos provinciais de Conservación da Natureza.

E así, houbo casos de propietarios que solicitaron cortas a feito de masas chegadas a sazón e ante a falta de norma de aplicación, a persoa encargada do informe de valoración ambiental denegou a corta a feito e só permitiu abrir claros deixando unha espesura despois da corta superior ao 60%.

Outros propietarios vían prohibidas repoboacións por poñer en perigo hábitats protexidos como os queirogais húmidos atlánticos de *Erica mackaiana*, mentres o veciño lindeiro que ten a súa parcela do outro lado da fatídica liña da Rede Natura pode dedicarse incluso á exportación da *Erica mackaiana* porque na súa propiedade non está protexida.

O Plan Director da Rede Natura 2000 era esperado para ver se finalmente se definían claramente os criterios de uso e xestión nos espazos protexidos, sen embargo o borrador resultou un documento exhaustivo na descrición dos hábitats pero moi impreciso no apartado da regulación da xestión destes espazos e séguense empregando criterios xenéricos que deixan os permisos de actuación ao albur do criterio subjectivo da persoa encargada de expedilos.

Por outro lado en Galicia non se habilitan as medidas de compensación para os propietarios da Rede Natura 2000, malia a existencia de fondos da Unión Europea previstos para estes casos.

Con todo isto non é de estrañar que ningún propietario desexe que as súas propiedades caian baixo o permanente estado de control administrativo sen criterio que se dá hoxe en día dentro da Rede Natura 2000 en Galicia.

E con todo isto, a Administración, en vez de buscar solución ao asunto, decide, baixo mandato europeo, ampliar a Rede Natura, a nosa Rede Natura, porque noutros sitios de Europa non sabemos, pero en Galicia a Rede Natura é dos propietarios forestais en case a súa totalidade.

Pois non, señores, nós xa pagamos abondo ata agora, así que se se empeñan en aumentar os espazos protexidos, terán antes que determinar con que fondos teñen pensado mantelos.

Nos tempos que corren, parece máis sensato investir en producir, ca crear novas necesidades que non podemos financiar. E non se preocupen, que se desde a última glaciación ata agora fomos quen de coidar das queirugas e doutros hábitats tan valiosos, sen que a Administración nos dixera como facelo, malo será que no saibamos seguir facendo.

E mentres tanto a Administración, liberada da pesada carga de vixiarnos, pode dedicarse a elaborar os plans de xestión que lles corresponden aos LIC existentes, con criterios obxectivos, concretos e claros, que non dean lugar a interpretacións subjectivas por parte dos técnicos da Administración, nos que se establezan as pautas a seguir para combinar a conservación e produción e nos que se contemplan medidas compensatorias para os propietarios deses hábitats tan prezados.

E cando teñan os deberes feitos, falaremos de ampliar a Rede Natura.

Con este tratamento preventivo seguro que aos propietarios forestais galegos nos pasaría a alerxia que agora lle temos á Rede Natura e nestes tempos de aforro sanitario cómpre lembrar que coa prevención diminúense outros custos moito máis elevados.

José Luis Solloso Tiagonce

Propietario forestal en Oourol, O Vicedo e Viveiro



José Luis Solloso Tiagonce é propietario forestal nos concello de Oourol, O Vicedo e Viveiro (Lugo). Os seus montes están destinados á produción de madeira de eucalipto glóbulus, na case súa totalidade. Os concellos de Oourol, O Vicedo e Viveiro están situados ao norte da provincia de Lugo. Ao redor dun 62% da superficie municipal é forestal arborada (unhas 20.000 ha), nela convive a propiedade veciñal (16 comunidades de montes veciñais en man común) coa particular.

– ¿Cal é a orixe das propiedades forestais que xestiona vostede?

Unha boa parte herdeinas de meu pai e de meus tíos e outra foron adquisicións que fun facendo ao longo do tempo.

– ¿Cando se fixo cargo das propiedades e por que? Fíxenme cargo aos 21 anos á morte de meu pai. Daquela, eu preferín quedarme cos montes, aproveitando que miñas irmás non tiñan inconveniente, porque desde pequeno meu pai levábame con el visítalos e xa daquela lle tiña aprecio ao monte.

– ¿Que especies ten plantadas?

Excepto hectárea e media que acabo de plantar agora con *Eucalyptus nitens* para probar como vai, o resto está todo repoboado con *E. globulus*, excepto algunha que outra carballeira que herdei e que conservo con mimo.

– ¿Cal foi o motivo de plantar *Eucalyptus globulus*? Meu pai tiña a maior parte das propiedades repoboadas con piñeiro do país, só tiñamos eucalipto

onde non se daba ben o piñeiro, pero a finais da década dos 80, comezos do 90 o piñeiro comezou a secar e acabamos cortándoo todo e plantando eucalipto. Ata o momento estou moi contento con esta elección e, salvo unha hectárea e media que plantei agora con nitens para ver os seus resultados, non teño en perspectiva cambiar de especie, paréceme a máis axeitada dadas as características dos terreos e os seus rendementos.

– O eucalipto é unha especie moi cuestionada pola sociedade, ¿cal é o seu punto de vista como propietario forestal na Mariña lucense?

Considero que se critica gratuitamente, posiblemente non se coñeza ben o valor engadido que ten esta especie.

Eu o que vexo é que para min o monte é rendible e sostible e lembro tamén que aquí na Mariña o monte foi tradicionalmente e segue sendo a caixa de aforros dos propietarios, a falta de liquidez soluciónase cortando a madeira.



Ribeira do río Sor. Rebentos de cepa despois dunha corta de eucalipto en primeiro plano. A paisaxe é unha mestura de labradíos, pastos e montes de eucalipto.

Eu non entendo un monte abandonado, o monte é un negocio e como tal hai que poñelo a producir. O que non pode ser é nin coidalo nin querer vendelo

– **As súas propiedades están situadas na zona de maior rendemento do eucalipto ¿que modelo de silvicultura segue vostede?**

Eu non teño establecido unha quenda fixa, corto cando vexo que o último monte que repoboei sae a diante, entón corto o seguinte para volver a plantar de seguida. Eu replanto sempre, nunca deixo ir a riba os rebentos do eucalipto, considero que producen máis e mellor as plantas novas que os rebentos.

Como media estou cortando a quendas de 18-20 anos, pero nalgúns casos tamén esperei a períodos máis longos (30 anos) para ter un lote máis grande para vender, a quenda ás veces vén dada pola preza que un teña en vender ou pola oportunidade que poida supoñer que o veciño decida tamén cortar. O importante é non vender a quendas moi curtas porque eu considero que é a partir dos 12-15 anos cando a árbore comeza a adquirir peso e ser máis rendible.

Emprego sempre marcos de 3x3, nunca por debaixo, senón prodúcense varas en vez de árbores.

Eu nunca retiro a biomasa do monte, porque a considero un excelente acompañamento nos primeiros anos da plantación, protéxela do vento. Logo, máis ou menos na metade do ciclo, levo a cabo unha roza, e repítoa xusto antes de cortar.

– **¿O que emprega vostede é o sistema tradicional do cultivo do eucalipto na Mariña ou é froito da propia experiencia?**

É unha mestura do que lle vía facer a meu pai, o que fun aprendendo e o froito da experiencia. Os pequenos propietarios da Mariña, a falta doutra escola, foron seguindo as pautas que marcan os propietarios máis formados e/ou mellor aconsellados por profesionais e vendo os resultados nas parcelas dos outros foron eles modificando a súa silvicultura.

– **¿Que prezos se están pagando hoxe en día polo monte na súa zona?**

Depende da situación, da calidade do terreo, da superficie, do acceso e da preza que teña o propietario en vender, pero como media pódense pagar uns 6.000-7.000 euros por hectárea rasa, se estivese repoboado con eucalipto o prezo duplicaríase.

– **¿Con que especie lle gustaría repoboar de novo cando corte a madeira que ten agora no monte?**

Coa mesma, eucalipto glóbulus. Considero que os meus montes son idóneos para o tipo de xestión que fago. Se tivera as propiedades en zonas máis



Na Mariña as pistas transcorren rodeadas de eucalipto en calquera das súas fases de crecemento.

altas plantaría piñeiro insigne ou ao mellor dedicábalos ao silvopastoreo. O que teño claro é que eu quero ver as miñas propiedades producindo, a especie que sexa, pero producindo e que hai terreos adecuados para cada especie, o que non se pode facer é plantar eucalipto ata enriba dos tellados.

– **¿Cales son os principais contratemplos na xestión dos seus montes?**

O minifundio sobre todas as cousas. Eu en xeral non teño problemas para atopar xornaleiros, nin para vender, o meu gran problema é o minifundio. A parcelación chega a ser tan extrema que se dan casos de parcelas de 3 metros de ancho por 500 de longo. Con isto non hai quen faga rendible ningunha plantación. Eu considero que unha propiedade dunha hectárea xa é rendible, cando menos aquí na Mariña, pero por debaixo de aí é absolutamente inviable. O problema é doado de solucionar cunha concentración parcelaria por parte da Administración. Eu vivín moitos anos no País Vasco e alí un casarío de menos de 4 ha non se pode dividir e hai que ver o rendemento que lle sacan ao monte e o aprecio que lle teñen.

A miña propiedade sería moito máis rendible se tivese as miñas propiedades concentradas, pero como non haxa intervención da Administración, vai ser imposible. As negociacións que teño levado a cabo con estremeiros para cambios ou permutas case sempre foron un fracaso, e iso despois de moito tempo investido nas negociacións. Mentres non cambie o carácter dos galegos, isto non ten

Un dos grandes males do monte en Galicia é o minifundio, é indispensable poñer os medios necesarios para acabar con el, tanto por parte da Administración como dos propietarios

arranxo. Hai xente que nin pon a producir o que ten, nin vende, nin facilita o traballo dos veciños e así non imos a ningún lado.

– **¿Ocórreselle algunha solución ao problema?**

Si, eu subiría o Imposto de Bens Inmóveis que afecta aos montes, daquela os propietarios comprenderían que non vale a pena estar pagando por propiedades improdutivas e forzaríanse a vendelas ou poñelas a producir. O que non pode ser é unha cousa nin outra.

E a isto sumarlle o fomento por parte da Administración da concentración parcelaria.

– **Non sei se sabe que os procesos de concentración parcelaria son moi custosos, eternízanse e ademais, ás veces os resultados non son todo o bo que se esperan. Coñecemos casos en que a propietarios forestais que tiñan unha hectárea en propiedade, despois do proceso de concentración adxudicáronlle dúas parcelas de oficio.**

Iso é o que non pode ser, malgastar esforzos e cartos. Había que regular que por debaixo dunha determinada cantidade, que podían ser 2-3 ha (debería das zonas), non se permitise adxudicar máis dunha parcela por propietario tras un proceso de concentración.

– **Comprace ver, neste ambiente de pesimismo, unha persoa tan optimista como vostede.**

A xente non aprecia o monte porque non ve que é un negocio, o que non se pode facer é cortar un monte a feito e non reinvestir nada. Se non se sementa non se recolle. Considero que parte dos problemas do monte en Galicia é a falta de interese por parte de moitos propietarios. O monte hai que poñelo a producir e os propietarios forestais teñen que asociarse e asesorarse por profesionais na xestión das súas propiedades.

– **¿Como está influíndo a praga do goniptero na economía dos silvicultores?**

Moi negativamente, considerando quendas medias de produción do eucalipto glóbulus aquí na zona de 15 anos, a praga está retrasando o crecemento uns 5 anos.



O minifundio é tan extremo que non son raras as parcelas de 500 m². Na fotografía obsérvase unha pequena parcela de eucaliptos adultos entre dúas onde se fixeron cortas recentes.

– Parte da súa propiedade está afectada pola instalación dun parque eólico ¿como se desenvolveron as negociacións cos propietarios?

No meu caso non tiveron oportunidade de negociación previa. Inda que no acto de actas previas presenteí a miña escritura de propiedade a empresa non me dou opción a ningún tipo de negociación, fun directamente ao Xurado de Expropiación de Galicia e desde o ano 2003 estiven esperando a que este establecese o xustiprezo, co que, por outro lado, non estou de acordo.

– O Catastro é unha das institucións máis criticadas polos propietarios forestais, ¿a que considera vostede que se debe esta crítica?

Á falta de rigor cando se realiza. O dos concellos de Oural e Viveiro está moi mal feito, o do Vicedo está mellor, tal vez debido a que neste concello as parcelas están divididas por muros de pedra o que fai que sexan doadamente identificables. A maiores engádesse que para levar a cabo un trámite neste organismo todo son dificultades e obrigan aos propietarios a gastar en planos e peritos para emendar os seus propios fallos.

– ¿Que parte de culpa poden ter os propietarios nesta relación?

Eu non lle chamaría culpa. O problema volve ser o minifundio. Os propietarios teñen tantas parcelas pequenas que non chegan a coñecerlas ben nin a saber dos marcos e isto, unido ao pouco rigor co se elabora o Catastro, dá os resultados que temos.

– ¿Como prevé o futuro dos seus montes?

Moi bo, a xestión que estou facendo dáme moi bos resultados e penso que no futuro o negocio non vai cambiar, ao contrario, penso que inda vai ir mellor. Ao que eu morra si que xa non sei como será a relación dos meus herdeiros co monte, ao mellor deciden vendelo ou ao mellor aprecian o seu valor. A min gustaríame que lle tivesen tanto aprecio como lle teño eu.

– ¿Cal é para vostede a maior satisfacción no coidado dos seus montes?

Ver como evolucionan, como medran as árbores e o rendemento que me dan.

Vostede fíxose socio da Asociación Forestal de Galicia no ano 1988, dous anos despois de crearse esta ¿cales foron os motivos de asociarse?

Eu fixérame socio a raíz dunha conferencia que viñera dar D. Fernando Molina a Viveiro, daquela os propietarios forestais vendíamos a vulto, non sabíamos o prezo da madeira era todo moi escurantista e a Asociación permitíanos o acceso a información que nos beneficiaba e evitaba que se aproveitasen de nós.

– ¿Que bota en falta na Asociación Forestal de Galicia?

Que non sexamos un grupo máis numeroso para poder ter máis forza e máis influencia na nosa comunidade para poder presionar e suxerirlle á Administración actuacións en cousas que hai que facer, porque os que pisamos e vemos o monte a cotío, nalgúns casos, sabemos máis ca os técnicos que están no seu despacho ●

En trámite a Lei de Montes de Galicia

DESDE QUE NO MES DE XUÑO de 2001 a Consellería do Medio Rural remitiu ás organizacións sectoriais o primeiro borrador de Lei de Montes de Galicia, o equipo técnico da Asociación Forestal de Galicia, conxuntamente coa Federación de Produtores de Madeira de Galicia (Promagal) traballaron intensamente para contribuír a que a nova lei resultante se adecúe ás necesidades do monte galego e dos seus propietarios. O borrador foi apoiado polo sector na reunión do Consello Forestal de Galicia que tivo lugar o 9 de novembro de 2011.

Instrumentos de xestión forestal. Quizá a novidade máis sobresaliente do anteproxecto de Lei, é que no seu artigo 77 regula a obrigatoriedade de todo propietario forestal de dotarse dun instrumento de xestión. Segundo o anteproxecto:

Os propietarios de montes de particulares de superficie inferior ou igual ás 25 ha en couto redondo para unha mesma propiedade, deberán dotarse dun instrumento de xestión forestal ou planificar a xestión dos seus montes a través da súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos segundo especies ou formacións forestais.

Os montes de particulares superiores a 25 ha en couto redondo para unha mesma propiedade, os montes públicos e os montes protectores e os de xestión pública deberán dotarse dun proxecto de ordenación.

Os montes veciñais en man común cunha superficie superior ás 25 ha deberán dotarse dun proxecto de ordenación, ou no caso de que dita superficie sexa inferior ou igual ás 25 ha, dun documento simple de xestión ou a través da súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos segundo especies ou formacións forestais.

As agrupacións forestais formalmente constituídas e os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo superiores a 25 ha en couto redondo deberán dotarse dun proxecto de ordenación, ou no caso de que dita superficie sexa inferior ou igual ás 25 ha en couto redondo dun documento simple de xestión ou a través da súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos segundo especies ou formacións forestais.

A lei tamén establece que os propietarios que no prazo establecido a tal efecto non dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal, ou no seu caso unha adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos segundo especies ou formacións forestais incluídos nos casos dispostos nesta lei, non poderán percibir as axudas, subvencións ou beneficios fiscais regulados pola normativa vixente en materia forestal.

Comunidades de montes veciñais en man común. No caso específico das comunidades de



Fotografía aérea onde se pode apreciar o minifundismo na zona de cultivo intensivo de eucalipto no norte de Galicia. A escala é 1/2730 aproximadamente. O anteproxecto da Lei de Montes pon límite á división das parcelas.

montes, a AFG-Promagal, solicitou a inclusión da obriga do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común a comunicar ao Catastro os resultados da representación cartográfica das parcelas de montes veciñais deslindadas, para que tome razón dos mesmos. Asemade, recóllese que a consellería competente en materia de montes poderá establecer liñas de axudas económicas específicas para a realización de deslindamentos provisionais entre

montes veciñais, para a realización de propostas de deslinde entre montes veciñais e propiedades particulares, e para o posterior amolloamento.

O último borrador tamén recolle que as comunidades de montes veciñais en man común terán plena capacidade xurídica para a realización destes actos e negocios xurídicos vinculados á adquisición de novos terreos que redunden no beneficio da comunidade veciñal.

Límites ás parcelacións, divisións ou segregacións. No artigo 69 do anteproxecto recóllense os límites á división dos montes. Unha vez aprobada a lei non se poderán parcelar, dividir ou segregar montes en parcelas de superficie menor de 15 ha, a non ser que a división se faga para transferir parte da propiedade a unha parcela estremera.

Circulación e paso nos montes privados. O artigo dedicado ás pistas forestais, incorporou desde a súa versión inicial un apartado no que se limita a circulación de vehículos a motor por pistas forestais situadas fóra da rede de estradas.

Queda prohibida a circulación motorizada campo a través, por sendeiros, por devasas ou por vías de saca de madeira, agás para aqueles vehículos vinculados á xestión agroforestal, incluída a actividade cinexética e piscícola, prevención e defensa contra incendios forestais así como os labores de vixilancia e tutela propias das administracións públicas ●

Dereitos e deberes dos propietarios forestais privados

A AFG-Promagal propuxo a inclusión dun artigo que recollese os deberes e dereitos dos propietarios forestais.

Entre os **dereitos** inclúese a xestión do seu monte, nos termos previstos na Lei, o aproveitamento sostible dos recursos existentes nos montes, a elección do uso ou usos do monte de acordo cos preceptos da Lei, as posibles compensacións por usos e aproveitamentos derivados das figuras de protección ou de utilización pública dos montes privados, a protección e o acoutamento das súas propiedades para o mellor aproveitamento dos recursos forestais de acordo coa lexislación vixente, a limitación da circulación de vehículos pola infraestrutura viaria forestal privada e a elaboración dos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal nas súas propiedades.

Entre os **deberes**: o control fitosanitario na súa propiedade de acordo coa normativa, a toma de medidas preventivas e de control respecto de calquera tipo de dano, nomeadamente, contra os incendios forestais, a conservación da biodiversidade, do réxime hidrolóxico e demais valores ambientais, históricos e culturais dos montes, a conservación e o mantemento do solo natural e no seu caso da masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, o mantemento do uso forestal dos seus montes, agás resolución administrativa nos termos previstos nesta Lei e normativa concorrente, a colaboración nas actividades de inspección e control da Administración sobre os montes, a información á consellería competente en materia forestal de todos aqueles datos necesarios para conformar e actualizar o Sistema Rexistral Forestal de Galicia e para a formación da estatística forestal, o cumprimento no seu caso do instrumento de ordenación ou de xestión forestal, a eliminación dos residuos e lixos resultantes das obras, usos, servizos e aproveitamentos que poidan afectar ao monte cando foran depositados pola súa actividade e a denuncia ás autoridades competentes cando os residuos e lixo foran depositados por persoas alleas á propiedade.

Gando mostrenco nos montes

Actualmente atópase en tramitación un novo decreto que regulará o gando equino en Galicia. O pastoreo de gando nos montes de titularidade privada foi de sempre un motivo de controversia sobre todo nos casos en que o titular do monte e o do gando non coincide. Os danos e os gastos ocasionados polo gando non autorizado nos montes son incalculables e a solución practicamente imposible ao estar moito do gando sen identificar oficialmente.

O 24 DE OUTUBRO PUBLICOUSE no Diario Oficial de Galicia o *Anuncio do 10 de outubro do 2011, da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, polo que se acorda someter a información pública o borrador do proxecto de Decreto polo que se establecen as normas que regulan o rexistro e identificación dos animais equinos, a xestión e administración dos animais mostrencos, as medidas básicas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións equinas, as paradas de sementais equinos con servizo a terceiras persoas e se crea o Rexistro Galego de Explotacións Equinas.*

A pretensión da Consellería do Medio Rural con esta norma é regular nun único texto as normas sobre identificación e ordenación zoonosanitaria e benestar animal das explotacións equinas, así como establecer disposicións relativas ao destino dos équidos mostrencos atopados nos montes ou en predios agrarios da comunidade autónoma.

Durante 20 días estivo aberto o prazo para a presentación de alegacións ao borrador do texto normativo. A Asociación Forestal de Galicia presentou tres alegacións que resumimos de seguida.

Alegación ao título do Decreto. Estimamos necesario cambiar no título do decreto as palabras “xestión e administración dos animais mostrencos” por “control e eliminación dos animais mostrencos”.

Tendo en conta que a definición de équido mostrenco, tal como recolle o borrador de decreto é “animal equino que deambula en liberdade nos espazos

agrarios ou forestais, núcleos de poboación ou vías de comunicación terrestre, sen dono coñecido e sen identificación constatada pola autoridade competente”, dado o problema tan grave que resulta o gando mostrenco, non só para as explotacións agrarias e forestais, senón para a sociedade en xeral, e dado que hoxe en día non ten sentido a súa pervivencia ao non existir en Galicia terreos aproveitados en réxime abertal, un dos obxectivos do Decreto que agora se tramita, debería ser a eliminación deste tipo de gando e, consecuentemente, o establecemento das medidas precisas para a súa erradicación.

Alegación á inscrición no rexistro galego de explotacións equinas. O borrador do decreto establece a creación dun Rexistro Galego de Explotacións Equinas no que figurarán inscritas a totalidade das explotacións de équidos da Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente do número de animais que as compoñan. A Asociación Forestal de Galicia considera que entre a documentación que acompaña a solicitude de inscrición no rexistro, debería esixirse a acreditación do solicitante como propietario das parcelas que compoñan a explotación, ou, de ser o caso, documentación acreditativa da autorización expresa do propietario das parcelas para o uso destas para a explotación equina que se quere inscribir, acompañada de copia compulsada do documento que regula a relación entre o propietario das parcelas e o titular da explotación gandeira.

A esixencia no borrador do decreto de presentar tan só unha descrición das parcelas que compoñan a explotación en réxime extensivo, e, no caso de parcelas forestais, de presentar un plano ou a ficha SIXPAC, facilita a inscrición de explotacións equinas sobre parcelas cuxos propietarios non autorizaron expresamente o seu uso para tal fin.

O borrador de decreto contempla que con carácter previo á inscrición no rexistro, a Administración comprobará se os terreos forestais están inscritos no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo, pero isto non é mecanismo abondo para evitar fraudes na inscrición de explotacións en réxime extensivo sobre terreos cuxos propietarios están en desacordo co seu uso gandeiro, xa que non todos os propietarios que non desexan que o gando paza nos seus montes, solicitaron a inscrición no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo.

Alegación ás obrigas específicas dos responsables dos pastos de uso común e incumprimentos.

A Asociación Forestal de Galicia considera que o futuro Decreto debe recoller de forma inequívoca que as persoas responsables do pasto de uso común e/ou os propietarios dos terreos non terán ningún tipo de responsabilidade sobre os prexuízos que poida causar o gando que pastoree sen a súa autorización expresa dentro das súas propiedades ou que non estea debidamente identificado.

Por isto a AFG entende que o punto 4 do artigo 12 do borrador do decreto debe quedar redac-



Gando mostrenco no monte veciñal de Araño (Rianxo).

tado da seguinte maneira: *A persoa responsable do pasto, será responsable dos prexuízos que poidan causar os animais rexistrados na explotación sempre e cando o pastoreo conte coa autorización expresa da propiedade ou do titular dos dereitos e os animais estean debidamente identificados, aínda que fuxan ou se extravíen. Para estes efectos deberá constituír a axeitada póliza de seguros que ampare a totalidade dos animais* ●

Alegacións ao anteproxecto de Lei de Caza de Galicia

A Asociación Forestal de Galicia tamén presentou alegacións ao anteproxecto de Lei de Caza de Galicia, solicitando entre outras cousas que se exonere aos propietarios forestais do sinalamento dos terreos que, tras a segregación dun TECOR, sexan declarados como refuxios de fauna. Que se recolla entre as infraccións moi graves os danos á propiedade forestal, dentro do que se inclúen tanto os danos a peches e infraestruturas, como ao arborado. Que é preciso contemplar indemnizacións aos propietarios forestais cuxas repoboacións sufran danos ocasionados pola fauna cinexética, e tamén se solicitou que se eliminase do artigo 20 do anteproxecto “Ao cabo do período de cesión dos dereitos cinexéticos, se non se presentase reclamación para recuperar a titularidade sobre estes, entenderanse prorrogados de forma indefinida”, por abusivo para os propietarios dos terreos.



Lei de mobilidade de terras

NO MES DE OUTUBRO publicouse a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras que derroga na práctica totalidade a Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

O obxecto desta lei é regular o uso racional dos predios con vocación agraria na procura da súa conservación e de evitar o seu abandono a través da súa posta en valor, coa intención de frear a perda dos seus valores agrarios, ambientais ou outros valores vinculados á utilización racional dos recursos naturais dentro dos límites que, de ser o caso, establezan esta lei e a lexislación sectorial de aplicación.

Novidades con respecto á Lei 7/2007. Segundo o texto da norma o obxectivo desta nova lei é a de ampliar a base de actuación territorial e as funcións do Banco de Terras, a capacidade de actuación sobre bens de propietarios descoñecidos, a derogación do dereito de tenteo e retracto e máis o fomento de medidas e estímulos que faciliten a incorporación voluntaria de bens ao Banco de Terras por parte dos propietarios.

A nova lei permite estender a actuación do Banco de Terras sobre todos aqueles predios que poidan ser empregados con finalidade agraria, e non só sobre os cualificados como superficie agraria útil (SAU) como tiña ata agora. Preténdese buscarlle solución aos predios abandonados e de propietario descoñecido, para facilitar a súa posta de novo en produción. Anúlase o dereito de tenteo e retracto que contemplaba a lei de 2007, e que na práctica se revelou como un freo sen utilidade ao proceso de aluguer das terras.

Preténdense crear medidas estimuladoras sobre os propietarios para que se animen a ceder os dereitos de cesión temporal o Banco de Terras de Galicia e poder participar dos beneficios obtidos na actividade agraria e valorizar o seu patrimonio. O Banco de Terras garantiralles uns prezos de refe-



A nova lei permite estender a actuación do Banco de Terras sobre todos aqueles predios que poidan ser empregados con finalidade agraria, e non só sobre os cualificados como superficie agraria útil como tiña ata agora.

rencia ao propietario, que percibirá independentemente do establecido no contrato do Banco de Terras co terceiro beneficiario da cesión, pero non incidirá na percepción que o mercado teña sobre os prezos de cesión temporal dos predios inscritos.

Finalmente a lei de mobilidade de terras permite que o Banco de Terras realice traballos de arbitraje, asistencia técnica, dinamización e supervisión de accións de permutas entre os propietarios que permitan unha axilización da concentración e ordenación de parcelas, así como ofrecer servizos de intermediación entre terceiros para o arrendamento ou o alugamento de instalación vinculadas a unha explotación agrogandeira

Medidas establecidas. Para o cumprimento dos seus obxectivos articúlanse as seguintes medidas:

- a. Constituír o Banco de Terras de Galicia, no que se relacionen todos os predios vinculados aos fins especificados na lei.

- b. Establecer o réxime xurídico para a xestión do Banco de Terras de Galicia.
- c. Regular os diferentes procedementos de incorporación de predios ao Banco de Terras de Galicia e da súa adxudicación.
- d. Regular o procedemento para a declaración de predios abandonados que posibilite a realización de prácticas agronómicas de conservación e a preservación do contorno e das condicións ambientais.
- e. Establecer o réxime sancionador correspondente ás accións e ás omisións descritas nesta lei.
- f. Declarar zonas de actuación agraria prioritaria coa finalidade de reactivar a economía rural no sector agrario.

Predios abandonados. A lei considera que poden ser declarados predios abandonados e consecuentemente integrados no Banco de Terras os terreos que non se cultivan, nin laborean, nin pastan e que propician o incendio, a erosión ou degradación do terreo, a invasión de malas herbas, as pragas ou as enfermidades e que poidan causar danos aos predios lindeiros ou próximos a el.

Tamén se consideran abandonados os terreos con plantacións forestais realizadas en terras con vocación agraria que presenten estados semellantes aos arriba indicados e tamén aos montes veciñais en man común que sexan declarados en estado de grave abandono ou degradación ●

Cambio de uso de terreo agrario a forestal

No anteproyecto da Lei de Montes de Galicia agora en elaboración, establece que: soamente os terreos rústicos de uso agrícola en estado de manifesto abandono e que estiveran adscritos a un banco de terras agrarias ou instrumento semellante por un período de polo menos dous anos, poderán forestarse previa comunicación á Administración forestal, cando cumpran algún dos seguintes supostos:

- a. Que linden con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias.
- b. Que constitúan enclaves agrícolas de ata cinco hectáreas en superficie arborada, utilizando as especies das superficies limítrofes ou frondosas caducifolias.



Desbroces y todo tipo de trabajos forestales con retroaraña y retrooruga.

Posibilidade de desbroces y ahoyados mecanizados en terrenos accidentados (pendientes entre el 40 y el 90%), que habitualmente se hacen a mano.

Excavaciones, caminos, obras de cantería, canalizaciones, etc.

Trabajos Forestales Rías Baixas
San Julián, Iglesias, nº 31 B
Marín
Tel.: 629 470 802
traforiasbaixas@hotmail.com



A elección da especie nas plantacións forestais

Ante a planificación dunha nova plantación débese ter en conta que un factor determinante no éxito da mesma é a calidade do terreo co que conta e que, dependendo dela, deberase elixir a especie que mellor se adapta ao terreo e ao lugar.

Francisco Dans del Valle e Cristina Verde Figueiras

RESULTA ANTIECONÓMICO e frustrante escoller unha especie non apta para o terreo a repoboar. Nos bos terreos, profundos ricos e ben drenados, case todas as especies forestais medran ben. Os problemas de elección ocorren cando o terreo é de baixa calidade ofrece unhas características pouco apropiadas para as especies máis esixentes.

Entre as especies máis esixentes de terreos de boa calidade, atópanse a maioría das frondosas caducifolias, e entre as máis sufridas os eucaliptos e os piñeiros.

Os terreos aptos para frondosas caducifolias

En xeral considéranse aptos para a plantación de frondosas caducifolias, aqueles terreos máis fértiles, profundos e ben drenados, se ben, cada árbore ten unhas esixencias específicas das que facemos un resumo das empregadas máis habitualmente.

- **Bidueiro** (*Betula* sp.): tolera solos de elevada acidez, pobres en nutrientes e mesmo con empozamento estacional, pero non lle convéñen os lixeiros ou demasiados secos e filtrantes, sobre todo en exposición sur.
- **Carballo americano** (*Quercus rubra*): non é moi esixente canto á riqueza mineral, pero require terras fondas para desenvolver a súa raíz pivotante. Vai ben en terreos de textura franca e cun perfil rico en materia orgánica. Soporta mal a

auga empozada, a sequidade do solo e a presenza de calcaria.

- **Carballo do país** (*Quercus robur*): é unha especie moi plástica, vive case en calquera lugar pero onde se poden obter uns bos medríos e madeira de calidade é alí onde os solos son profundos e frescos, con moita materia orgánica e con boa drenaxe.
- **Castiñeiro** (*Castanea* sp.): precisa solos con profundidade de 50 cm ou máis, non soporta os solos mal drenados. Non admite a presenza de calcaria activa no solo. O contido en materia orgánica debe ser alto.
- **Cerdeira** (*Prunus* sp.): medra ben tanto en solos areosos, lixeiramente acedos, como sobre os calcarios. Precisa solos profundos e frescos e os terreos máis ben chans.
- **Freixo** (*Fraxinus* sp.): é unha especie propia de ambientes ripícolas, idónea para as beiras de ríos e regatos, terreos frescos e saneados de humidade, situados en pé de encosta ou terreos chans, de textura lixeira, cunha capa freática permanente a certa profundidade e ricos en materia orgánica e nutrientes e sitios abrigados.
- **Nogueira** (*Juglans* sp.): require solos profundos, moi fértiles, pouco acedos e pouco compactos, con boa aireación. Non lle gustan os solos arxilosos mal estruturados. Medra ben en solos areosos se están suficientemente abastecidos de auga, especialmente no verán, e teñen un contido alto de materia orgánica.



Plantación de bidueiro en Pol (Lugo).



Plantación de carballo americano en Sarria (Lugo).



Plantación de castiñeiro híbrido en Lalín (Pontevedra).



Plantación de cerdeira en Boqueixón (A Coruña).



Plantación de freixo en Lalín (Pontevedra).



Plantación de nogueira en Samos (Lugo).

Os terreos aptos para piñeiros

En xeral, considéranse terreos axeitados para a repoboación con piñeiros os soltos e con boa escorrentía. As especies principais e mais produtivas son:

- **Piñeiro do país** (*Pinus pinaster*): resiste solos pouco fértiles e areosos, non esixe solos moi profundos e tolera mal o encharcamento. Resiste mal o vento o frío e a neve. É moi inestable en terreos soltos e profundos, perdendo a verticalidade, agás cando a plantación é densa.
- **Piñeiro insigne** (*Pinus radiata*): vai ben en solos moi variados, pero sobre todo profundos con boa permeabilidade. As únicas restricións son os solos mal drenados ou con profundidade inferior a 30 cm.
- **Piñeiro de Oregón** (*Pseudotsuga menziesii*): prefire solos profundos, de textura lixeira e fértiles. Non debe plantarse en terreos moi superficiais ou moi pobres. Non tolera o encharcamento. Vexeta mellor en costa que en terreos chairos.

En zonas de montaña e con veráns cálidos (clima mediterráneo ou de transición) pódense empregar outros piñeiros de crecemento máis lento coma o piñeiro laricio (*Pinus nigra*) ou silvestre (*Pinus sylvestris*). Teñen a vantaxe de que resisten ben o frío e a neve.



Plantación de piñeiro insigne nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña).



Plantación de piñeiro do país en Boqueixón (A Coruña).



Plantación de piñeiro de Oregón en Ortigueira (A Coruña).



Plantación de piñeiro laricio nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

Os terreos aptos para eucaliptos

O eucalipto é unha especie bastante frugal e plástica que se adapta a diferentes solos e calidades de estación.

- **Eucalipto globulus** (*Eucalyptus globulus*): é capaz de medrar en solos pobres e acedos, soporta mal os solos mal drenados ou encharcados e necesita dispoñibilidade de auga no verán. As principais limitacións para este eucalipto son as baixas temperaturas e as xeadas. Medra mal por enriba dos 300 metros de altitude. É a especie de eucalipto máis estendida en Galicia, atopa os mellores sitios nas comarcas baixas de influencia marítima con boa temperatura temperada e homoxénea en todo o ano. O goniptero produce elevados danos nos eucaliptais situados fóra do seu sitio, é dicir, en terreos de altitude superiora os 300, con solos pobres ou con forte seca estival.
- **Eucalipto nitens** (*Eucalyptus nitens*): é de maior crecemento que o anterior, resiste ben o frío e o vento en zonas altas e expostas e soporta xeadas de ata $-12\text{ }^{\circ}\text{C}$, máis de 50 días de xeadas ao ano e incluso nevadas. Non sofre danos tan intensos do goniptero •

Antes de facer unha nova plantación cómpre asesorarse ben antes de proceder á inversión. Débense elixir especies adaptadas á estación forestal na que se vai plantar



Plantación de *Eucalyptus globulus* en Neda (A Coruña).



Plantación de *Eucalyptus nitens* en Touro (A Coruña).

Situación actual del nematodo del pino en Galicia

Julio Ruiz Cagigal
Ingeniero técnico Forestal de la AFG

YA HA PASADO MÁS DE UN AÑO desde que la Consellería de Medio Rural declaró la presencia de la plaga del *Bursaphelenchus xylophilus* o nematodo del pino en el sur de Pontevedra. Desde entonces, oficialmente no se han detectado nuevos casos de árboles infectados, aunque a este respecto existe una considerable opacidad informativa por parte de la Administración autonómica. Recordamos que el foco en el que se encontró el nematodo, en un monte situado entre As Neves y Salvaterra de Miño, estaba constituido por un solo árbol infectado.

Durante el año 2011, la Administración ha estado aplicando las medidas de erradicación y seguimiento contempladas en el Decreto 10/2011 publicado el 4 de febrero para evitar la propagación de la plaga. Estas medidas están afectando a un territorio llamado “zona demarcada de cuarentena fitosanitaria” de 20 km de radio alrededor del árbol infectado, que abarca 18 términos municipales y una superficie de pinares de aproximadamente 50.000 ha.

La Asociación Forestal de Galicia presentó al Conselleiro de Medio Rural una serie de demandas de los propietarios afectados (véase nº 54 de la revista O Monte), que en gran medida han sido desatendidas hasta la fecha.

Plan de acción. El Plan de acción para la erradicación y el control del nematodo, elaborado por la

Xunta de Galicia, se conoció públicamente a mediados de marzo de 2011, es decir más de tres meses después de declararse la presencia de la plaga. Para entonces las medidas de erradicación en la zona de corta preventiva ya están en su fase final.

La creación de un Comité con participación de la Administración y del sector forestal privado afectado, demandado por la AFG para validar el Plan de Acción y realizar su seguimiento no ha sido considerado pertinente por la Consellería de Medio Rural. Sin embargo el Plan nacional de contingencia para la plaga del nematodo recomendaba como del máximo interés que el sector se involucrara en el problema.

El Plan de Acción no ha aportado claridad a las medidas de erradicación, especialmente a las que afectan a los propietarios de la zona de corta preventiva, faltando aspectos relevantes como: medidas preventivas en el regenerado posterior a las cortas forzosas, tratamiento de la recogida y almacenamiento de leñas, medidas a adoptar para realizar los trabajos silvícolas, plan especial de restauración o baremo de indemnizaciones.

Muchas medidas del plan de erradicación son de imposible cumplimiento en la práctica. Por ejemplo: los restos leñosos de las cortas deben ser quemados en lugar adecuado o reducidos a piezas menores de 3 cm de grosor y longitud. Ni la propia Administración, responsable de la destrucción de los restos de madera que quedaron en el terreno después de las talas forzosas, ha podido triturar todos los restos de corta a piezas menores de 3 cm.



Pinos secos en la parroquia de Corzáns (Salvaterra de Miño) a menos de 3 km del foco.

La zona de erradicación. Se ha llamado “zona de erradicación” a una superficie circular de 1,5 km de radio alrededor del foco declarado en la que ha sido obligatoria la corta de todas las coníferas tanto con síntomas como sin síntomas de la enfermedad. En esta superficie, 4.000 parcelas pertenecientes a más de 800 propietarios de montes, pobladas con cerca de 250 ha de pinares, fueron taladas de forma forzosa durante los cuatro primeros meses del año 2011.

En esta zona, muchos propietarios se acogieron a la posibilidad de cortar personalmente los árboles, urgidos por los brevísimos plazos establecidos y la incertidumbre sobre las posteriores actuaciones de la Administración. El volumen de madera cortado por este procedimiento se estima en más de 60.000 m³. La premura en la corta de estos árboles no permitió realizar cubicaciones ni valoraciones ajustadas, siendo generalizada la venta de la madera a precios muy inferiores a los del mercado.

Más de 300 propietarios de montes afectados de la zona de erradicación se han asociado para presentar una reclamación patrimonial administrativa a la Xunta de Galicia por daños y perjuicios

En el caso de los propietarios que desistieron de procurar ellos mismos la tala, la Administración a través de la empresa TRAGSA, procedió a la corta y venta de los productos maderables y de biomasa que quedaban en los montes. La empresa TRAGSA calculó en un principio un volumen de 43.000 toneladas de madera y 12.000 toneladas de biomasa. Una vez finalizados los trabajos de erradicación, se ha comprobado que el volumen realmente extraído por la Administración ha sido muy inferior.

Entre noviembre de 2011 y enero de 2012, la Consellería de Medio Rural ha procedido a abonar a este último grupo de propietarios el importe de las ventas de los productos forestales realizadas por la Administración. Los precios medios pagados por la madera en pie, después de descontar los elevados costes de corta y saca, superan los 46 € por m³. No obstante los problemas de identificación de parcelas y propietarios han sido numerosos, dado el penoso estado del Catastro de Rústica. La enorme confusión que se ha producido en la identificación de los árboles de cada propietario se debe, en buena medida, a que no se levantaron actas en cada parcela con los árboles en pie o apilados en ella y con el propietario presente.

Ausencia de indemnizaciones. La Asociación Forestal de Galicia y los propietarios afectados reclamaron desde un principio que la Consellería de Medio Rural publicase un baremo de compensaciones económicas por los perjuicios y daños causados en los bienes afectados. Este baremo no se estableció en el Decreto 10/2011 y en su lugar la Administración fijó una indemnización “in natura”, que no supone ningún pago en dinero sino que se corresponde con los trabajos de retirada y eliminación de los restos vegetales de las cortas de árboles en la zona de erradicación.

Ante esto, un conjunto de más de 300 propietarios de montes afectados de la zona de erradicación, no conformes con esta indemnización “in natura”, se han asociado para presentar una recla-



Restos de madera después de la corta en la zona de erradicación de tamaño muy superior a los 3 cm de longitud.

mación patrimonial administrativa a la Xunta de Galicia por daños y perjuicios por un montante de 2,5 millones de euros.

Cortas de pinos secos y decaídos en la zona demarcada. Una medida que se considera altamente eficaz para evitar la propagación del nematodo del pino es la corta y destrucción “in situ” de los pinos secos, moribundos o que presentan sínto-

mas de decaimiento, por ser estos árboles los que atraen al insecto vector de la plaga, el *Monochamus*, para su reproducción.

La Consellería de Medio Rural comenzó el 15 de abril de 2011 la labor de corta y astillado de estos pinos secos y decaídos en un radio de 5 km alrededor del foco positivo. En octubre se paralizaron estos trabajos, localizándose aún grupos de pinos secos dentro de este radio. En una tercera fase, la Consellería tenía previsto extender este trabajo preventivo a toda la zona demarcada (radio de 20 km).

Dificultades de gestión y comercialización de madera en la zona demarcada. En los últimos meses está siendo muy difícil realizar ventas de madera de pino procedentes de montes situados en la zona demarcada de cuarentena fitosanitaria. Los rematantes y aserraderos de la comarca, ante la prohibición de realizar cortas entre el 1 de abril y el 31 de octubre, se están abasteciendo de madera de otras comarcas de Pontevedra no afectadas por la cuarentena e incluso de otras provincias, a pesar de los mayores costes de transporte.

A este perjuicio a los productores se unen las múltiples dificultades para realizar una adecuada silvicultura derivadas de las restricciones establecidas por la Administración. Así las cortas de mejora o claras, los clareos de madera no comercial y las podas se han reducido de forma muy significativa al ser obligatorio la quema, el astillado o la trituración del material leñoso en el propio monte ●



tarrío & suárez
obras _ contratas

replantaciones forestales
pozos de barrena

Dorna 5 B Taragoña - 15895 Rianxo (A Coruña)

Teléfono: 981 863 034- Fax 981 861 341

e-mail: taysu@tarrioysuarez.com _ web: tarrioysuarez.com



EXCAVACIONES



OBRAS DE CANTERÍA



REPLANTACIONES FORESTALES



CANALIZACIONES









POZOS DE BARRENA

O goniptero continúa co seu ataque aos eucaliptares galegos

A situación actual das masas de *Eucalyptus globulus* está pasando polos seus momentos máis críticos, os esforzos por conter o goniptero son insuficientes e os rendementos están baixando alarmantemente.

ANTE ESTA SITUACIÓN, o pasado mes de decembro o director da Asociación Forestal e a presidenta de Promagal nunha reunión mantida co actual secretario xeral do Medio Rural e Montes, presentaron a situación sanitaria que atravesan os montes galegos e o fracaso das medidas de prevención e de loita que se puxeron en marcha polo que lle esiximos un cambio radical na política sanitaria e pactar co sector uns plans integrais con recursos suficientes.

O secretario xeral anunciou que se duplicaría a colocación de bolsiñas de *Anaphes* en toda Galicia para o que se xa se destinaron recursos para a produción de *Anaphes*. Informóuselle de que esta medida debería poñerse en práctica despois de analizar a situación sobre o terreo e fixar uns obxectivos concretos e con seguridade nos resultados da loita.

Despois dunha análise da situación, acordouse convocar unha reunión que tivo lugar o 15 de febreiro na que se decidiu planear un tratamento integral contra o goniptero, incrementado a colocación de bolsas de *Anaphes nitens* nas áreas de maior presenza do eucalipto.



Proxecto de I+D. Á vista de que os tratamentos seguidos ata agora, non cumpren as expectativas de continxencia e dos resultados pouco esperanzadores do tratamento biolóxico, a Plataforma Tecnolóxica Forestal Galega, Devesa (institución que engloba ás principais empresas e organizacións do sector forestal), está preparando un proxecto de I+D para planear unha mellora integral da masa de eucalipto no que participarán as institucións e os expertos da Península Ibérica en coordinación coas organizacións de propietarios forestais.

As áreas de traballo son:

- Tratamento integrado biolóxico e químico.
- Mellora xenética.
- Mellora da silvicultura adaptada.
- Diversificación de especies.
- Estudo das principais variables que inflúen na estación: solo, nutrientes, dispoñibilidade de auga, temperatura... ●

Las claves de la biomasa térmica de aquí al 2020

Asociación Española de Valorización Energética de la Biomasa (AVEBIOM)

UN MAYOR APROVECHAMIENTO del recurso de la bioenergía requiere un mayor esfuerzo de divulgación sobre sus ventajas a los ciudadanos. Materia prima, hay; tecnología y profesionales, también. ¿Cómo hacer rentable para todos -consumidores, productores de biocombustibles, fabricantes de equipos y empresas de servicios energéticos- el uso de una energía local, limpia, segura y competitiva con los combustibles fósiles?

El precio del barril de petróleo BRENT ronda los 110\$/barril. Por otra parte, el petróleo BRENT ha subido un 14,30% en 2011 (pese a la profunda crisis económica de la UE), y las previsiones de encarecimiento BRENT a 1 año son superiores a 19% y a 5 años superiores a 71%. Los precios del gas natural están indexados a los del petróleo con lo que se espera una subida, por lo menos, de igual proporción.

España depende energéticamente un 80% de la energía del exterior, y además en Europa el consumo energético para uso térmico es del 50% del total de la energía consumida.

La biomasa para uso térmico compite perfectamente con el gasóleo calefacción y GLP (gas licuado del petróleo o autogás), y competiría con el gas natural de no ser por las subvenciones y ayudas públicas que el gas fósil importado (el llamado gas natural) recibe.

Estas son las claves de la biomasa térmica de aquí al 2020 extraído del VI Congreso Internacional de Bioenergía, que se celebró el pasado mes de octubre coincidiendo con Expobioenergía'11, en Valladolid.

Datos de partida

- En el periodo 2012-2015 será fácil ver el precio del barril a 150\$, con picos de 200\$.
- El acceso de millones de personas a la clase media en los países BRIC (Brasil, Rusia, India

y China) supondrá un aumento importante de la demanda energética, incluso con Europa en recesión.

- El 50% de energía consumida en UE es para uso térmico.
- El Plan de Acción Nacional de Energías Renovables estima que en 2020 el 16% de la energía para climatización y ACS (agua caliente sanitaria) provendrá de la biomasa.
- El Plan de Energías Renovables (PER) estima un enorme potencial de la biomasa para uso térmico, que es de 20.425 tep (toneladas equivalentes de petróleo) de petróleo; el mayor de todas las energías renovables.
- El Observatorio Nacional de Calderas de Biomasa estima 4.000 MW térmicos instalados en España en octubre de 2011.
- El 46% de los hogares de Alta Austria se calientan con energías renovables lo que ahorra al país un billón de euros en combustibles fósiles cada año.
- Austria espera que todos sus edificios se calienten con energías renovables en 2030, con importantes beneficios como evitar la "pobreza energética" de los ciudadanos y crear "empleo verde".
- La biomasa para uso térmico genera 135 empleos por cada 10.000 habitantes, frente a 9 empleos que genera el gasóleo y el gas natural.

Financiación

- En España, las Empresas de Servicios Energéticos "renovables" cuentan con los programas BIOMCASA y GIT del Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía, dotados con 17 millones €/año para financiar proyectos no industriales de calefacción-climatización y agua caliente sanitaria.
- El Sistema de Incentivos al Calor Renovable (ICAREN) del IDAE de apoyo a la producción térmica renovable dirigido a las empresas de servicios energéticos. Publicado en el PER.

Tendencias de futuro

- Es prioritario instalar calderas para aumentar el consumo de biomasa nacional. Se podrían instalar hasta 40.000 calderas de biomasa al año considerando sólo las zonas frías de España.
- La biomasa en 2020 reemplazará al gasoil totalmente y competirá fuertemente con gas natural.
- Nicho de mercado para la biomasa: 40% de viviendas en la costa mediterránea son unifamiliares y gastan gasóleo.
- Posible aumento al 50% la obligatoriedad de producir calor con energías renovables en el nuevo Código Técnico de la Edificación, y favorecer el cambio de instalaciones antiguas de carbón, gasóleo o propano a biomasa.
- Las Administraciones serán ejemplarizantes en el uso de biomasa. Los responsables municipales deben preparar a las ciudades para consumir y producir energías renovables.
- Retirada de las ayudas directas o indirectas a los combustibles fósiles, incluido el gas natural.
- Más ayudas a la divulgación; financiación garantizada; y menos subvenciones directas a la instalación de calderas de biomasa.
- Posible bajada del IVA de los biocombustibles sólidos a un 8%.
- La I+D+i irá hacia la microgeneración con pellets y astillas e hibridación entre diferentes energías renovables y de aumento de eficiencia energética en edificios.



Pacas de biomasa nunha parcela de eucalipto recentemente cortada.

- Tendencia a la trigeneración (electricidad, frío, calor) con biomasa en el sur de Europa.
- El gas de metanización de biomasa podrá inyectarse en la red de gas natural con una eficiencia del 93%.
- La bioenergía va a ser la energía renovable más importante para los objetivos del 2020 en Europa, y en España una industria que va a generar 525.000 puestos de trabajo para el 2050 ●

A AFG ten previsto organizar unha

visita técnica á feira forestal FOREXPO

que terá lugar en Aquitania (Francia) entre o 6 e o 8 de xuño de 2012.

A viaxe será en autobús e inluirá visitas aos montes do País Vasco.

Os socios e socias interesadas poden poñerse en contacto coa oficina da AFG en Santiago.

981 564 011 / 618 752 214
asforgal@iies.es

O proxecto Silvaplus



DESDE QUE O PASADO MES DE MARZO fora aprobado, o proxecto Silvaplus foron varias as actividades que se levaron a cabo para a consecución dos obxectivos que persigue.

O 27 de abril tivo lugar en Ponte da Lima (Portugal) a primeira reunión de socios do proxecto á que seguiu o acto de presentación pública do mesmo, neste acto participaron entre outros, o presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvemento da Região Norte, Carlos Cardoso, o director xeral de Montes da Xunta de Galicia, Tomás Fernández-Couto, o director nacional das Fileiras Florestais do Goberno portugués, Gonçalo Alves, o alcalde de Pontearreas, Salvador González Solla, a alcaldesa de Tomiño Sandra González, o presidente da Área Alto Minho, Francisco Rodrigues de Araújo e o presidente da AFG, Francisco Fernández de Ana.

Durante o mes de xullo tiveron lugar dous seminarios sobre parques de biomasa, unha en Pontearreas e outra en Figueira da Foz e Arganil en Portugal, nestes seminarios, ademais de visitar varios parques de almacenamento, analizouse a tipoloxía de parques e de silos de almacenamento, as características e esixencias técnicas das instalacións e tamén se sacaron as conclusións para o deseño de modelos.

Rede de cooperación sobre biomasa forestal. O 24 de novembro tivo lugar na Quinta do Ramo en Tomiño unha reunión para a creación dunha rede de cooperación sobre biomasa forestal.

Na reunión, empresas e outras entidades ligadas ao uso da biomasa foron informadas sobre o proxecto e os seus obxectivos e convidados a integrar unha Rede de Cooperación cuxa misión será acompañar e contribuír con información e coñecemento para a dinamización do sector da biomasa.

Á reunión de constitución acudiron 64 persoas do ámbito de organizacións de propietarios forestais, administracións, empresas de servizos forestais, de transporte, universidades, etc.

As áreas de traballo desenvolvidas abranguen cuestións relacionadas coa produción e explotación da biomasa, loxística do transporte, transformación e almacenamento, normas lexislativas e instalacións de consumo de biomasa, onde cada unha das entidades foi convidada a integrarse.

O que se pretende é que os resultados sirvan de modelo de referencia para a utilización sostible da biomasa nunha perspectiva local e para a súa aplicación noutras rexións de Europa.

Á reunión asistiu o enxeñeiro portugués Gil Patrão, administrador da empresa EDP Produção-Bioelétrica S.A., que aportou a súa experiencia no uso sostible da biomasa forestal e a relación dos montes coa planta de biomasa que dirixe en Mortágua (Portugal).

Boletín informativo. Desde o mes de xaneiro está en marcha un boletín informativo "Silvaplus

Obxectivos do Silvaplus

- **Constituír unha rede local destinada a cooperar na utilización enerxética de biomasa forestal**, aproveitando as capacidades e sinerxías das administracións locais e das organizacións de produtores e de empresarios.
- **Desenvolver e promover modelos silvícolas innovadores e viables** que faciliten a mobilización de biomasa e que garantan a sustentabilidade do recurso.
- **Formar persoas para as distintas facetas da cadea**: servizos de silvicultura e xestión forestal, loxística do recurso, instaladores e mantemento de plantas e caldeiras de biomasa.
- **Promover proxectos de plantas e de instalacións enerxéticas a partir de biomasa forestal a distintas escalas.**
- **Promover a creación de emprego no sector forestal e no bioenerxético.**
- **Fomentar o consumo local de biomasa forestal primaria como bio-combustible enerxético** co apoio de concellos, de comunidades de montes veciñais e de empresas.



Reunión de socios do proxecto Silvaplus en Ponte da Lima.



Visita ao parque de biomasa da CMVMC de Xinzo (Ponteareas).

newsletter” que informa sobre as novidades do ámbito do proxecto e máis do sector da biomasa forestal.

Este boletín é distribuído tanto en España como en Portugal entre propietarios forestais, industria forestal, axentes involucrados no sector das enerxías renovables e todas aquelas persoas que forman parte da Rede de Cooperación de Biomasa Forestal •

O proxecto Silvaplus-Promoción do uso sostible de biomasa forestal con fins enerxéticos no Norte de Portugal e sur de Galicia desenvólvese entre marzo de 2011 e marzo de 2013. Os seus socios son o Concello de Ponteareas, o Concello de Tomiño, a Asociación Forestal de Galicia, a Asociación Forestal de Portugal-Forestis, actuando como coordinadora do proxecto, e a Agencia Regional de Enerxía e Ambiente do Alto Minho. O proxecto conta tamén como asociados coa participación da Dirección Xeral de Montes-Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, Enerxil, Engabiomasa S.L., Frinova S.A., a Federación Galega de Parques Empresariais, a Autoridade Florestal Nacional e a Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro.



Desbroces ROCHA

Miguel González

- **Servicios forestales • Proyectos**
- **Plantación • Servicios de tractor**
- **Limpieza de fincas**

Teléfono 986 633 788 _ Móvil 609 809 067

TABORDA _ TOMIÑO

DESBROCES CASELAS, S.L.

LIMPIEZA DE MONTES
SUBSOLADO | RAREO | PODA
PLANTACIÓN FORESTAL

Gerardo / Juan

Tel.: 986 349 145

Móvil: 649 970 053 / 649 970 052
Salceda de Caselas | Pontevedra

A AFG celebrou a súa XXV asamblea en Santiago de Compostela



De esquerda a dereita: Fernando Molina, Francisco Fernández de Ana, Juan José Casares, Tomás Fernández-Couto e Xosé Represas presidindo o acto de celebración do XXV Aniversario da AFG.

O sábado 28 de maio, a Asociación Forestal de Galicia (AFG) celebrou a súa XXV Asemblea Xeral e un acto de conmemorativo do seu 25º aniversario no Hostal dos Reis Católicos ao que asistiron preto de 200 propietarios forestais, membros de comunidades de montes, autoridades e amigos.

O HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS foi o marco da celebración do 25º aniversario da asociación de propietarios forestais máis antiga de Galicia. Ao redor de 200 socios participaron na XXV Asemblea xeral na que se aprobou o informe de actividades, o balance e a conta de resultados de 2010 e o orzamento para 2011.

Durante a asemblea os socios fixeron fincapé na urxencia de recibir o borrador da nova Lei de Montes

e Lei de Montes Veciñais en Man Común para a súa análise e consenso con todos os actores implicados para conseguir unha boa ferramenta de traballo en apoio da mellora da xestión forestal galega.

Asemade, a Asemblea, considerando que a silvicultura e o aproveitamento sostible e biodiverso do monte galego, constitúe un dos piares básicos e estratéxicos da economía actual e do futuro de Galicia, considerando que a actividade forestal resulta fundamental para a mellora ambiental de Galicia e para a xestión sostible do 65% do territorio galego e considerando a grave situación sanitaria que presentan os montes de distintas comarcas de Galicia e o retroceso da economía do sector forestal, aprobou as seguintes resolucións:

Resolución 1ª.- As ameazas sanitarias e as catástrofes naturais que están sufrindo e que sufrirán no futuro os montes galegos, requiren a reforma da organización autonómica da sanidade fores-



Asistentes á XXV asemblea da AFG.

tal, incorporando un servizo específico e tamén unha nova formulación dos obxectivos e dos recursos da investigación forestal galega para conseguir a curto prazo resultados finalistas que contribúan a resolver os problemas existentes e capacidade abondo para abordar con éxito os retos do futuro.

Resolución 2ª.- O aproveitamento enerxético da biomasa forestal primaria constitúe un obxectivo estratéxico na maioría dos países da Unión Europea. Tendo en conta as posibilidades do monte galego como principal produtor de biomasa no ámbito nacional e dadas as posibilidades de incremento das rendas dos silvicultores, de desenvolvemento industrial, de creación de emprego e de diminución do risco de incendios forestais, solicítase á Xunta de Galicia, con carácter de urxencia, desenvolver unha política finalista de fomento do uso da biomasa forestal a través dun plan de actuación específico. Resolución 3 en documento aparte.

Resolución 3ª.- O elevado número de silvicultores e de comunidades de montes existentes en Galicia, xunto co peso e dinamismo das actividades forestais contribuíron á aparición múltiples organizacións que agrupan aos propietarios forestais e que traballan no seu ámbito cun escaso artellamento entre elas, esta circunstancia diminúe as posibilidades de liderado dos propietarios forestais nos ámbitos rexionais, nacionais e internacionais. A Asemblea xeral da AFG encarga á Xunta de

Goberno o inicio de contactos para establecer con organizacións de propietarios forestais democráticas e independentes a fin de establecer unha alianza institucional que sexa capaz de recuperar a capacidade de liderado dos silvicultores galegos e que adquira o peso específico que lle corresponde no sector forestal galego.

Conmemoración do 25 aniversario da AFG. A continuación da Asemblea, celebrouse o acto conmemorativo do seu 25º aniversario, acto ao que se sumaron representantes doutras asociacións forestais de Galicia, Asturias, da Confederación de Organizacións de Silvicultores de España e de Portugal, así como profesores e investigadores da universidade, da empresa, dos centros de investigación forestal e amigos.

O acto estivo presidido polo Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan José Casares Long, e nel interviñeron tamén, ademais do presidente da AFG, o secretario xeral do Medio Rural e Montes, Tomás Fernández-Couto, o realizador da TVG, Anxo Vázquez que presentou un programa especial do Agro dedicado ao 25º aniversario da AFG e o catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, José Pérez Vilariño que dou unha conferencia sobre o monte e a sociedade civil.

Os socios fundadores da AFG que o 22 de febreiro de 1986 se reuniran no seminario de Socioloxía da Facultade de Ciencias Económica e Empresariais en Santiago de Compostela, para crear a AFG, recibiron unha pequena homenaxe de agradecemento e recoñecemento.

José Pérez Vilariño lembrou na súa intervención que cando este grupo de 20 persoas decidiron crear a AFG o asociacionismo parecíalles a ferramenta apropiada porque lle permitiría aos propietarios crear unidades dun tamaño tecnicamente viable e economicamente rendible, ao mesmo tempo que ofrecía alternativas de xestión ás parcelas abandonadas e vías de negociación ás tensións crecentes.

Despois de 25 anos de andadura esta idea inicial segue sendo uns dos fins da asociación e nestes tempos de vaivéns económicos o sector forestal segue representando un pilar básico na economía galega, susceptible de ser incrementado se os axentes involucrados sentan as bases e traballan conxuntamente para o seu desenvolvemento futuro.

A celebración do aniversario rematou cunha comida no Comedor Real do Hostal dos Reis Católicos que puxo fin a esta festa dos silvicultores galegos no Ano Internacional dos Bosques ●

Monte y sociedad civil. En el XXV Aniversario de la AFG

José Pérez Vilariño

Catedrático de Socioloxía da Universidade de Santiago de Compostela e
Exvicepresidente da AFG

Introducción

Frente al inexorable paso del tiempo que todo lo corroe, la memoria nos permite recordar juntos, esto es, conmemorar ciertos hechos especialmente relevantes de nuestra vida. El cumpleaños es, sin duda, la principal fiesta de conmemoración, con la que todos de forma incansable celebramos y a la vez resistimos el paso del tiempo.

La AFG quiere compartir con todos nosotros -miembros de la Asociación y amigos implicados en el monte y sus bosques- la alegría de haber llegado a cumplir 25 años de vida. Dado que, en el ámbito de las organizaciones civiles, la mortalidad infantil es la principal amenaza, este primer cuarto de siglo de vida activa parece representar la consolidación de nuestra mayoría de edad, como actor corporativo en el monte y el sector forestal. (...)

Logros relevantes de la AFG

Basta una ojeada a los datos curriculares de la AFG para observar que estos 25 años han desbordado actividad. Sin duda, el monte ha sido lugar de intenso trabajo para todos nosotros. Pero, en consonancia con la tradición forestal, también lo ha sido de disfrute. (...)

El primer paso obligado era tratar de reducir el riesgo de incendio. Para ello la AFG ofreció el diseño y la prueba experimental en las comarcas de Mahía-Barcala de un modelo de organización -profesional y comarcalizada- de lucha contra los incendios forestales. Su objetivo era conseguir que los medios de extinción pudiesen llegar de forma eficaz y rápida a los puntos de ignición, para evitar que puedan convertirse en incendios. La implantación del nuevo modelo trajo consigo la creación de los Distritos Forestales y un importante acercamiento de la Administración Forestal a los silvicultores.

El razonable nivel de control del riesgo de incendio conseguido por la nueva organización, tal como ponían de manifiesto los datos, hacía viable y al mismo tiempo exigía, en segundo lugar, la planificación, a medio y largo plazo, de los objetivos y usos de los montes. Con este propósito el Equipo de Estudios de la AFG asumió el encargo de la Consellería y su Dirección General de Montes de elaborar el Plan Forestal de Galicia. (...)

Logros de esta primera política forestal -en la que la AFG colaboró como uno de los actores principales y más leales- fueron el planteamiento de un modelo de bosque cultivado, estrechamente vinculado a un vigoroso sector de transformación y una red de servicios avanzados. De estos años datan la creación de los dos Centros de Estudios Universitarios, el Centro Tecnológico de la Madera (CIS Madera), el Sello Profesional Paneuropeo de Certificación Forestal, etc. El resultado es un sector de actividad, cada vez más equipado y profesionalmente diferenciado, con una relevante capacidad de generar empleo cualificado en Galicia y una primera articulación horizontal de los diferentes grupos profesionales de agentes del sector. (...)

La estrecha vinculación a la Universidad, que ha llevado profesores e investigadores al monte y trajo profesionales de la silvicultura a las aulas, instalando como herramienta básica de trabajo la lógica de la Investigación, el Desarrollo y la innovación. Sin estos lazos blandos pero muy estrechos con nuestra *alma mater*, resultaría muy difícil comprender la participación de la AFG en más de una docena de proyectos europeos y su intervención como socio fundador del Instituto Europeo del Bosque Cultivado (IEBC) socio regional del Instituto Forestal Europeo (EFI). (...)

La integración institucional y el desarrollo corporativo de los silvicultores es la condición *sine qua non* para poder actuar como

actores principales del sector y la política forestales. Desde esta perspectiva, se entiende fácilmente la importancia del primer logro de la AFG: ofrecer a los silvicultores y a las C.M.V.M.C. la posibilidad de hacer parte de un ente corporativo, con voz y capacidad de actuación propias, así como un interlocutor legítimo para negociar y establecer alianzas con los demás actores y las Administraciones. Todos los logros concretos derivan de esta consolidación corporativa. (...)

Un último logro que quiero resaltar tiene una especial importancia en la actual situación de España. La AFG ha venido contribuyendo de forma especial a abrir una oferta de nuevos puestos de trabajo -cualificados y no deslocalizables- induciendo la creación de empresas forestales y contratando a un buen número de profesionales de diversas disciplinas. (...)

RETOS PENDIENTES

Política Forestal

Sin lugar a ninguna duda, el primer reto del monte y el sector forestal hoy en la Galicia Autonómica -con plenas competencias en esta materia y con un monte que puede y debe aprovechar su ventaja en la UE- es elaborar una política forestal a medio y largo plazo, que dé estabilidad a los montes y atraiga inversiones. La condición indispensable es negociar un consenso entre todos los actores principales, que evite la lógica del borrón y cuenta nueva. (...)

Incentivar el desarrollo corporativo del sector, en particular el asociacionismo de los silvicultores


Como ya queda apuntado, la organización racional es la clave del proceso de modernización, al que la civilización occidental debe su extraordinario éxito. En este ámbito y a propósito de nuestra particular historia de la AFG, conviene distinguir dos tipos de organizaciones, las primeras tienen una aureola institucional y se basan en relaciones horizontales y solidarias, en las que todos los miembros comparten determinados valores y encuentran sentido en participar. En este grupo se incluye una amplia gama de asociaciones como la Asociación Forestal de Galicia, que además de prestar asistencia técnica para la gestión del monte, contribuye a generar lazos blandos pero estables entre los silvicultores que dan sentido a su tarea, además de hacerla útil o rentable. Las segundas son de carácter más utilitario e instrumental y la participación se reduce a la gestión de intereses concretos, básicamente económicos: el modelo de referencia son las empresas de negocios, con las que la Asociación establece alianzas para el aprovechamiento de los nuevos recursos del monte en particular, en este momento la cadena de la biomasa; en algunos casos incluso la Asociación estimula un desarrollo corporativo entre sus socios con este mismo propósito. (...)

Monte y Medio Ambiente

Esta política forestal tiene, por último, que situarse correctamente en torno a la lógica ambiental, a la que el rápido proceso de globalización está convirtiendo en uno de los valores centrales y con más amplio reconocimiento en la sociedad actual. En el marco de esta nueva ética civil, compartida por una creciente mayoría de la población, los activos inmateriales del monte -en particular, su valor recreativo y ambiental, así como la condición renovable de los principales recursos que ofrece- se convierten en el nuevo patrón de oro-verde, frente al viejo patrón unidimensional del tronco y la madera. (...)

Santiago, 28 de mayo de 2011

Extracto do discurso pronunciado o 28 de maio de 2011 no acto de celebración do XXV aniversario da Asociación Forestal de Galicia.



**Le Douglas.
Un arbre
exceptionnel**

Autor: Rémy Claire
Edita: Association TRIFIDE
Ano: 2010

Esta publicación de 400 páxinas é unha homenaxe á especie *Pseudotsuga menziesii* (piñeiro de Oregón) e ofrece un repaso exhaustivo e moi completo de todos os aspectos desta árbore: o seu descubrimento, a súa evolución temporal e distribución xeográfica, as súas características botánicas, o desenvolvemento da especie en América do Norte e en Europa.... Rémy Claire -autor deste libro e presidente da Asociación TRIFIDE que traballa a favor dun mellor coñecemento do piñeiro de Oregón- dá conta nesta obra da súa experiencia e o seu testemuño vital ao redor desta árbore que comezou hai 30 anos e que tivo como antecedente a publicación da biografía de David Douglas que este mesmo autor editou no ano 1998.



**Consultas
frecuentes das
SOFOR**

Edita: Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia
Ano: 2011

Publicación complementaria a modo de resumo do "Manual das SOFOR" na que se formulan e responden as cuestións máis habituais e comúns que poidan xurdir en canto aos requisitos, funcionamento, proceso de constitución, rexistro ou obrigas fiscais desta figura societaria de recente creación. O obxectivo da publicación destes dous libros é o de clarificar o procedemento de constitución dunha SOFOR a todos os interesados en crear unha. Ademais da edición dos libros a Consellería do Medio Rural organizou varios cursos e seminarios divulgativos sobre as SOFOR entre xuño e outubro de 2011. A versión dixital está dispoñible na web da Consellería do Medio Rural e do mar.



**Manual para la
redacción de
instrumentos de
gestión forestal
sostenible en
Castilla-La
Mancha**

Autores: Sergio Martínez Sánchez-Palencia, Antonio Prieto Rodríguez, Luis Díaz Balteiro e Santiago Saura Martínez de Toda
Edita: Consejería de Agricultura y Medio Ambiente da Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha
Ano: 2011

Este libro presenta os fundamentos básicos para entender a ordenación de montes en Castilla-La Mancha. Nel faise un percorrido pola evolución histórica da ordenación de montes, as nocións básicas que rodean a xestión forestal, as instrucións de ordenación nacionais e rexionais, as funcións dos montes ou unha realización práctica dun proxecto de ordenación. O obxectivo da obra é orientar aos técnicos forestais na elaboración dos instrumentos de xestión forestal sostible de acordo coa normativa que regula as actuacións nesta materia na Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha.



**Conferencias y
ponencias del 5º
Congreso Forestal
Español**

Edita: Sociedad Española de Ciencias Forestales (S.E.C.F.)
Coordinadores: Francisco J. Silva Pando, Alvaro Aunos Gómez, Isabel Cañellas Rey de Viñas e outras.
Ano: 2010

Este caderno, o número 31 da serie, recolle as 14 conferencias e relatoríos oficiais que foron presentadas no 5º Congreso Forestal Español celebrado do 21 ao 25 de setembro de 2009. Durante a celebración do Congreso presentáronse 700 comunicacións libres que trataron, entre outros, temas e retos que enriquecerán o coñecemento e o traballo que se presenta para os próximos anos tales como o uso da biomasa como fonte de enerxía, a reorganización da formación dos forestais ou a necesidade de reforzar a relación do sector forestal cos medios de comunicación para trasladar á sociedade a importación da súa xestión. Os temas presentados nas conferencias oficiais pretenden profundar en aspectos como o papel das matogueiras, a incidencia da deforestación en América latina, o desenvolvemento da investigación forestal no noso país, os incendios, as técnicas de repoboación, o papel da silvicultura no nosos montes, o papel da mellora xenética como forma de mellorar a produtividade dos montes, a recuperación dos ríos como parte do espazo forestal, novas formas de enfoque da ordenación de montes, os novos produtos e a contabilidade forestal.



**Manual das
SOFOR**

Edita: Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia
Ano: 2011

Publicación na que se explica todo o referente ás Sociedades de Fomento Forestal, promovidas pola Administración galega, que consisten "na agrupación de parcelas privadas onde as persoas propietarias, voluntariamente e mantendo a propiedade destas, ceden os dereitos de uso para o seu aproveitamento durante un mínimo de 25 anos a unha sociedade de responsabilidade limitada".

Xornadas sobre a xestión dos espazos agroforestais en San Xurxo da Mariña e San Román de Doniños (Ferrol)



Entre o 30 de xuño e o 2 de xullo tiveron lugar no local social da Asociación de Veciños de San Xurxo da Mariña as Xornadas formativas sobre a xestión dos espazos agroforestais en San Xurxo da Mariña e San Román de Doniños. As xornadas foron patrocinadas polo Concello de Ferrol con cargo ao proceso de orzamentos participativos e organizadas pola Asociación Forestal de Galicia e os seus obxectivos eran:

- Analizar a situación forestal nas parroquias de San Xurxo da Mariña e San Román de Doniños
- Presentar alternativas e modelos viables de xestión dos espazos forestais
- Debater a situación e os modelos presentados

O primeiro día abordouse a importancia de iniciar a recuperación da zona afectada baseándose nun uso sustentable do monte facendo un aproveitamento integral do mesmo onde teñan cabida desde o aproveitamento de diferentes produtos forestais (madeira, leña, cogomelos, caza, biomasa, plantas medicinais, mel...) ata o uso recreativo de poboacións urbanas, uso moi común nas áreas forestais de San Xurxo e Doniños.

Para isto é necesario, por un lado respectar os condicionamentos protectores que estes espazos teñen derivados da súa pertenza á Rede Natura 2000 e por outro, a titularidade privada destes montes.

As actuacións a levar a cabo polos propietarios forestais das dúas parroquias deberían enmarcarse no caso dos montes veciñais dentro dun plan de xestión dos mesmos que sexa elaborado por técnicos cualificados no que se recolla a vontade do seu legítimo propietario e máis o desenvolvemento dun plan de aproveitamentos ao tempo que o protexa dos vaivéns de políticos e xestores, apoiado nun asesoramento técnico especializado que permita manexar un monte cun uso social preferente hoxe en día non valorado nin pagado.

Neste sentido presentouse a posibilidade dun acordo social que permita obter rendas para o monte veciñal á vez que faga posible o seu goce social.

Canto aos propietarios de montes de particulares, durante a segunda xornada, o director xeral de Montes fixo fincapé na importancia de xestionar as pequenas propiedades de forma conxunta, presentando para iso a nova ferramenta que supoñen as Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR).

O último día unha enxeñeira do Distrito Forestal I presentou o sistema de prevención e extinción de incendios na comarca de Ferrol, facendo fincapé na importancia da silvicultura preventiva como un dos medios de evitar a propagación dos incendios forestais.

O director da Asociación Forestal de Galicia interveu en último lugar para expoñer as esixencias actuais na xestión forestal dos propietarios forestais particulares.

As xornadas concluíron cunha visita polos montes do contorno.

Xornada técnica sobre cultivos enerxéticos en terreos forestais

O 17 de outubro tivo lugar no Salón de Actos da Escola Politécnica Superior da USC unha xornada técnica sobre cultivos enerxéticos en terreos forestais organizada pola Plataforma Tecnolóxica Forestal Galega en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

A xornada tivo como principal obxectivo servir de foro para que as empresas e organizacións, forestais e enerxéticas, e as institucións de investigación compartiran metas e problemas, identificaran as liñas de investigación prioritarias e poidesen promover os proxectos necesarios para acompañar o desenvolvemento do sector.

Os obxectivos específicos desta xornada foron:

- Coñecer o grao de desenvolvemento do sector bioenerxético en Galicia e os proxectos empresariais.
- Analizar o marco legislativo e institucional de referencia.
- Avaliar as necesidades do sector en materia de I+D+i e promover liñas de investigación estratéxicas.


Organizáronse tres grupos de traballo destinados a identificar liñas e proxectos de investigación e desenvolvemento estratéxicos para o sector:

1. Especies a manexar, produción de material vexetal, silvicultura e estimación de existencias e crecementos en plantacións bioenerxéticas.
2. Áreas potenciais e impactos ambiental e paisaxístico das plantacións bioenerxéticas.
3. Equipamentos e tecnoloxías nos procesos de cultivo e aproveitamento das plantacións bioenerxéticas.

José Manuel Silva Rodríguez, director Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, pronunciou unha conferencia sobre "A Política Agraria Común 2013: oportunidades para a bioenerxía".



SESFOR



Estudios e Iniciativas Forestales, S.L.

Viceso, nº 4 15839 Brión (A Coruña)
Teléfono: 981 886 442
sesfor@sesfor.com _ www.sesfor.com

**Planificación territorial
Planes de gestión forestal
Estudios de impacto ambiental
Cartografía y proyectos
Estudios e informes de ingeniería forestal**

DESBROCES CORTIÑAS



- Servicios forestales
- Acondicionamiento de áreas recreativas

- Limpieza de fincas
- Plantación



Móvil: 629 562 522 _ 629 562 521 _ 829 562 529

Telf.: 986 346 582

S. Esteban de Budiño _ Salceda de Caselas

Cambios na administración forestal autonómica

A comezos do mes de xaneiro sucedéronse varios cambios no organigrama da Xunta que ocasionaron a desaparición da Consellería do Medio Rural integrándose coa Consellería do Mar na Consellería de Medio Rural e do Mar.

No novo organigrama a dirección xeral de Montes e a dirección xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais desaparecen como tales e as súas competencias son asumidas pola Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, baixo a dirección de Tomás Fernández-Couto Juanas, antigo director xeral de Montes.

A dirección xeral de Desenvolvemento Rural e a dirección xeral de Producción Agropecuaria quedan adscritas á nova secretaria xeral do Medio Rural.

A dirección xeral de Conservación da Natureza, antes dependente da Consellería do Medio Rural, pasa agora a adscribirse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.



Á dereita Tomás Fernández-Couto saudando a Fernando Molina ante Juan José Casares no acto de celebración do 25 aniversario da AFG.

A AFG reúnese con Tomás Fernández-Couto

O director da Asociación Forestal de Galicia e a presidenta de Promagal reuníronse o 15 de decembro co, daquela, director xeral de Montes e actualmente Secretario Xeral do Medio Rural e Montes, para abordar entre outros temas, a normativa a elaborar en 2012 (regulamento da Lei de Montes de Galicia, modificación da Lei de Montes Veciñais en Man Común, regulamento de cultivos enerxéticos forestais, instrucións galegas de planificación e ordenación de montes e a revisión do Plan Forestal de Galicia. Tamén se abordaron as medidas de control e actuación da consellería do Medio Rural contra o nematodo do piñeiro e o goniptero e das liñas de axudas previstas para 2012 e das medidas a desenvolver do Plan de Desenvolvemento Rural Sostible.

Tomás Fernández-Couto informou que para o 2012 as prioridades da Dirección Xeral de Montes serán o regulamento dos aproveitamentos, a reorganización da administración forestal autonómica –especialmente os cometidos e estrutura dos distritos forestais-, a elaboración dos contratos de xestión con comunidades de montes que van substituír aos convenios e consorcios e tamén a elaboración dos modelos de silvicultura dos que se está a comezar a súa elaboración. Tamén consideran prioritario para o ano 2012 conseguir un status fiscal axeitado ás SOFOR, tratando de harmonizar o tratamento dos rendementos destas sociedades co que reciben os propietarios forestais no réxime obxectivo do IRPF.

No ámbito lexislativo, ademais da aprobación da Lei de Montes de Galicia, a previsión é que en 2012 se prepare o regulamento de aproveitamentos previsto na Lei de Montes de Galicia, as instrucións galegas de planificación e ordenación de montes e o regulamento de cultivos enerxéticos.

Respecto á modificación da lei de montes veciñais en man común, o secretario xeral informou que dado que o 2012 é o último do actual goberno galego, considérase pouco oportuno comezar a redactar un borrador de lei de montes veciñais. Quizais o que conveña é comezar a analizar os aspectos clave da modificación da lei e abordar a reforma na seguinte lexislatura. Non está prevista tampouco a revisión do Plan Forestal de Galicia en 2012.



A AFG-Promagal trasladáronlle ao secretario xeral a preocupación pola situación da praga do goniptero nos eucaliptais galegos.

El transporte como vector de plagas forestales

La declaración de Montesclaros

Setenta científicos expertos en patología forestal (representando a 17 países) que asistieron a la reunión internacional del IUFRO¹⁾ que tuvo lugar en el Monasterio de Montesclaros, Cantabria (España) del 23 al 27 de mayo de 2011 subscribieron la siguiente declaración:

Como científicos con una amplia experiencia en el estudio de enfermedades forestales, queremos poner de manifiesto que el transporte indiscriminado de material vegetal está incrementando en gran medida el número de patologías forestales a escala global. Esta evidencia está basada en la gran cantidad de especies patógenas exóticas y plagas recientemente introducidas en bosques y plantaciones forestales en todas las partes del planeta, hecho sin precedentes en la historia de la humanidad. Por ello, proponemos una prohibición gradual de todo comercio de plantas y productos vegetales con riesgo para el ecosistema forestal y sin importante beneficio económico²⁾.



- 1 IUFRO = Unión Internacional de Organizaciones de Investigación Forestal (www.iufro.org).
- 2 Se considera todo comercio internacional de planta ornamental en envase forestal, así como árboles adultos para restauración forestal con bajo beneficio en términos económicos pero alto riesgo para la salud forestal. Hay que tener en cuenta que la producción de planta a bajo precio en diversos países para su plantación en otros muy diferentes y alejados proporciona unos beneficios netos muy marginales para el área, pero es la perfecta vía de dispersión para enfermedades y plagas. Además, el comercio internacional de otros materiales vegetales (madera para embalajes, astillas, trozos de corteza...) debe de ser analizado con detalle y estrictamente regulado.



ANTONIO NUÑEZ RODRÍGUEZ
Telf.: 679 858 805

Facturación: 627 214 652

E-mail: excavacionesydesbroces@hotmail.com

TRABAJOS AGRICOLAS Y FORESTALES

Manuel Graña Golán
(Manolito)



Tel.: 981 19 18 03

Móvil: 606 58 02 04

Calvos

Arzúa (A Coruña)

Corrección de erros Decreto sobre o nematodo

O 19 de abril publicouse a Corrección de erros ao Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al., e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación.

Subvencións para caldeiras de biomasa

O 28 de abril publicouse a Resolución do 20 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de caldeiras de biomasa correspondentes ao exercicio 2011, financiadas ao abeiro do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 18 de maio de 2010.

Solo rústico de protección forestal

O 11 de maio publicouse a Instrución 1/2011, do 12 de abril, para a aplicación da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Solicitude primas de mantemento

O 13 de maio publicouse a Resolución do 4 de maio de 2011, da Dirección Xeral de Montes, pola que se dá publicidade aos prazos de presentación de solicitude de pagamento da prima de mantemento para o ano 2011 dos expedientes de axudas concedidas ao abeiro de distintas ordes relativas á forestación de terras agrícolas e non agrícolas e fomento de frondosas caducifolias.

Época de perigo alto de incendios

O 27 de maio publicouse a Orde do 19 de maio de 2011 pola que se determina a época de perigo alto de incendios.

Sociedades de Fomento Forestal

O 30 de maio publicouse a Corrección de erros ao Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.

Axudas a proxectos dinamizadores das áreas rurais

O 13 de xuño publicouse a Resolución do 23 de maio de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o período 2011-2012.

O 7 de xullo publicouse unha corrección de erros a esta Resolución.

Épocas hábiles de caza

O 17 de xuño publicouse a Orde do 7 de xuño de 2011 pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2011-2012.

O 27 de xuño publicouse unha corrección de erros a esta Orde.

Axudas á primeira forestación de terras non agrícolas

O 28 de xuño publicouse a Orde do 17 de xuño de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2011.

O 11 de xullo publicouse unha corrección de erros a esta Orde.

Información pública borrador Plan Director Rede Natura 2000

O 29 de xuño publicouse o Anuncio do 20 de xuño de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acorda someter á participación do público o borrador do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Información pública Catálogo galego de especies ameazadas

O 1 de xullo publicouse o Anuncio do 10 de xuño de 2011, da Secretaría Xeral Técnica, polo que se acorda someter a información pública o proxecto de decreto polo que se actualiza o Catálogo galego de especies ameazadas e se modifica o procedemento de catalogación, descatalogación ou cambio de categoría de especies.

Axudas parques naturais

O 1 de xullo publicouse a Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se modifica a do 10 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Información pública sustentabilidade ambiental plans de zona

O 5 de xullo publicouse a Resolución do 14 de xuño de 2011 pola que se someten a información pública os informes de sustentabilidade ambiental e as propostas de plans de zona derivados da Lei 45/2007.

Información pública Catálogo galego de árbores senlleiras

O 11 de agosto publicouse o Anuncio do 2 de agosto de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se somete a información pública o borrador do proxecto da orde pola que se actualiza o Catálogo galego de árbores senlleiras.

Catálogo galego de especies ameazadas

O 12 de agosto publicouse o Decreto 167/2011, do 4 de agosto, polo que se modifica o Decreto

88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza o dito catálogo.

Rexistro Galego de Materiais de Base

O 2 de setembro publicouse a Resolución do 11 de agosto de 2011, da Dirección Xeral de Montes, pola que se dá publicidade á suspensión de unidades de admisión e á súa cancelación no Rexistro Galego de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución.

Corrección de erros relación de anteproxectos de instalación de centrais de biomasa

O 10 de outubro publicouse unha corrección de erros á Resolución do 30 de abril de 2010 pola que se aproba a relación de anteproxectos de instalación de centrais de biomasa seleccionados consonte a Orde do 14 de novembro de 2008 pola que se determina o obxectivo de potencia máxima en megavatios para tramitar no período 2008-2012 e se abre o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de centrais de biomasa.

Actualización Catálogo galego de árbores senlleiras

O 13 de outubro publicouse a Orde do 3 de outubro de 2011 pola que se actualiza o Catálogo galego de árbores senlleiras.

Exposición pública Decreto regulación gando equino

O 24 de outubro publicouse o Anuncio do 10 de outubro do 2011, da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, polo que se acorda someter a información pública o borrador do proxecto de Decreto polo que se establecen as normas que regulan o rexistro e identificación dos animais equinos, a xestión e administración dos animais mostrencos, as medidas básicas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións equinas, as paradas de sementais equinos con servizo a terceiras persoas e se crea o Rexistro Galego de Explotacións Equinas.

Banco de terras de Galicia

O 26 de outubro publicouse a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

Alegacións Lei de Montes de Galicia

O 23 de novembro publicouse o Anuncio do 11 de novembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, polo que se dá publicidade ao informe final no cal se dá resposta ás alegacións presentadas ao borrador do anteproxecto da Lei de Montes de Galicia.

Axudas a proxectos de enerxías renovables

O 13 de decembro publicouse a Resolución do 1 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións a proxectos de enerxías renovables con financiamento procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

Medidas de protección para a avifauna

O 21 de decembro publicouse a Resolución do 28 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se delimitan as áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

Axudas para a contratación de seguros agrarios

O 28 de decembro publicouse a Orde do 21 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2012.

Axudas á utilización asociada de maquinaria

O 29 de decembro publicouse a Orde do 23 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria e equipamentos agrarios en réxime asociativo en Galicia cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2012.

Axudas transformación e comercialización produtos agrarios e forestais

O 29 de decembro publicouse a Orde do 23 de decembro de 2011 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais do período 2007-2013 e se convocan as cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) para o exercicio orzamentario de 2012.

Ampliación da Rede Natura 2000

O 2 de xaneiro publicouse o Anuncio do 21 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acorda someter á participación do público a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia.

O 16 de febreiro publicouse unha ampliación do prazo ata o 16 de marzo.

Axudas á silvicultura

O 5 de xaneiro publicouse a Orde do 27 de decembro de 2011 pola que establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da silvicultura en bosques no medio rural, en concorrencia competitiva, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2012.

Axudas para a mellora de microempresas de aproveitamentos forestais

O 5 de xaneiro publicouse a Orde do 27 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases que regulan

as axudas para a creación e mellora de microempresas de aproveitamentos forestais, parcialmente cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2007-2013 e se convocan para o exercicio orzamentario 2012.

Axudas para novos produtos e procesos

O 5 de xaneiro publicouse a Orde do 27 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o financiamento de accións de coope-

ración para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2012.

Anteproxecto de lei de caza

O 9 de xaneiro publicouse o Anuncio do 23 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, polo que se acorda someter a información pública o borrador do anteproxecto da Lei de caza de Galicia.

BOE

Plan estratéxico do patrimonio natural e da biodiversidade

O 30 de setembro publicouse o Real Decreto 1274/2011, de 16 de setembro, polo que se aproba o Plan estratéxico do patrimonio natural e da biodiversidade 2011-2017, en aplicación da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Contrato territorial

O 4 de outubro publicouse o Real Decreto 1336/2011, de 3 de outubro, polo que se regula o contrato territorial como instrumento para promover o desenvolvemento sostible do medio rural.

Regulamento de valoracións da Lei do Solo

O 9 de novembro publicouse o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.

Catálogo especies exóticas invasoras

O 12 de decembro publicouse o Real Decreto 1628/2011, de 14 de novembro, polo que se regula o listado e catálogo español de especies exóticas invasoras.

BOP

Ordenanza plantacións forestais de Trazo

O 3 de xuño publicouse no BOP da Coruña a Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora de plantacións forestais, depósito, carga e transporte de madeira de tala.

Axudas para rozas na Estrada

O 26 de agosto publicáronse no BOP de Pontevedra as bases reguladoras para a convocatoria de subvencións a particulares para a realización de traballos de prevención de incendios a través da xestión da biomasa forestal.

Ordenanza plantacións forestais de Irixoa

O 4 de novembro publicouse no BOP da Coruña o anuncio de exposición pública da modificación da Ordenanza municipal reguladora de plantación e tala de arboledo.

Ordenanza corta e saca da madeira de Meira

O 26 de decembro publicouse no BOP de Lugo a Ordenanza municipal de corta e saca de madeira de Meira.

Cursos, congresos, seminarios e feiras forestais

22, 23, 24 e 25 de marzo, Saint Etienne (Francia)

Salón Bois Energie

Organiza: BEES-BioEnergie Événements et Services

Máis información: Tel.: +33 384 868 930,

Fax: +33 384 432 403 e www.boisenergie.com

6, 7 e 8 de xuño de 2012. Mimizan, Francia

Forexpo

Organiza: Forexpo Gie

Máis información: Tel.: 33 (0)5 57 85 40 18,

Fax: 33 (0)5 56 81 78 98, info@forexpo.fr e www.forexpo.fr

28, 29 e 30 de xuño de 2012. Sergude, A Coruña

Galiforest

Organiza: Fundación Semana Verde

Máis información: Tel.: 986 577 000, Fax: 986 580 865,

info@feiragalicia.com e www.galiforest.com

23, 24 e 25 de outubro de 2012. Valladolid

Expobioenergía, FERIA Internacional de Bioenergía

Organiza: Avebiom e Cesefor

Máis información: Tel.: 975 239 670, Fax: 975 239 677,

tania.duro@expobioenergia.com e www.expobioenergia.com

Participación da AFG en actos de interese forestal

- **Reunión con representantes de Forestis sobre o proxecto Silvaplus** en Valença do Miño. Asistiu Francisco Dans (4 de abril).
- **Reunión con representante de Agroseguro** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (6 de abril).
- **1ª reunión do proxecto Silvaplus** en Ponte da Lima. Asistiron Francisco Dans, Daniel Rodríguez, Julio Ruiz e Braulio Molina (27 de abril).
- **Presentación pública do proxecto Silvaplus** en Ponte da Lima. Asistiron Francisco Fernández de Ana, José Luis Campos e Jesús Rodríguez (27 de abril).
- **Reunión con propietarios forestais sobre seguros de incendios forestais, proxecto da Lei de Montes, nematodo do piñeiro e subvención para a prevención de incendios** en Pontearreas. Asistiron José Luis Campos, Salvador Rodríguez, Jesús Rodríguez e Julio Ruiz (29 de abril).
- **Reunión da Xunta Directiva do GDR “Asociación Costa Noroeste”** en Cariño. Asistiu Manuel Varela (2 de maio).
- **III reunión do Grupo de Modelización da Sociedade Española de Ciencias Forestais. Mesa redonda: “¿Que utilidade teñen os modelos para a xestión forestal?”** en Lugo. Asistiu Margarita López (6 de maio).
- **Reunión co reitor da Universidade de Santiago de Compostela** en Lugo. Asistiu Antonio Rigueiro (9 de maio).
- **Entrevista co director xeral de Montes sobre a orde de axudas para a prevención de incendios** en Santiago. Asistiron José Luis Campos e Julio Ruiz (9 de maio).
- **Gravación dunha reportaxe sobre o proxecto Silvaplus na TVG** en Santiago. Participou Francisco Dans (10 de maio).
- **Congreso sobre silvicultura, carbono e auga. Mesa redonda “Xestión forestal no territorio do futuro: incidencia nos ciclos da auga e o carbono”** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (10 de maio).
- **Charla “Año Internacional dos Bosques” nos colexios A Fraga, Santa María, Monte Caxado e A Magdalena**, das Pontes. Impartiu a charla Enrique García (20 de maio).
- **Curso “A xestión forestal en montes produtivos e certificación FSC” organizado por FSC España** en Vilalba. Asistiu Margarita López (20 e 21 de maio).
- **Sesión de formación para proxectos aprobados na 2ª convocatoria do POCTEP** en Pontevedra. Asistiu Daniel Rodríguez (25 de maio).
- **Entrevista co director xeral de Montes** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (26 de maio).
- **XXV Asemblea Xeral da AFG e acto de celebración do 25º aniversario** en Santiago (28 de maio).
- **Consello Forestal de Galicia** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (30 de maio).
- **Reunión do Consello de Administración de Engabiomasa** en Bergondo. Asistiu Francisco Dans (6 de xuño).
- **Reunión con representantes de Engabiomasa** en Santiago. Asistiron Francisco Dans, Braulio Molina e Daniel Rodríguez (13 de xuño).
- **Reunión da Xunta Directiva da Asociación Euroeume** nas Pontes. Asistiu José Luis Corral (13 de xuño).
- **Mesa redonda sobre os incendios forestais no Programa “Punto Crítico Galicia”**. Participou Antonio Rigueiro (14 de xuño).
- **Reunión técnica do proxecto Silvaplus** en Ponte da Lima. Asistiron Francisco Dans, Braulio Molina e Daniel Rodríguez (15 de xuño).
- **Reunión con representantes de Promagal** en Vilalba. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (20 de xuño).
- **Gravación dunha reportaxe para V Televisión** en Pontedeume. Participou Francisco Dans (23 de xuño).
- **Reunión con propietarios forestais sobre o borrador da Lei de Montes de Galicia** en Pontearreas. Asistiron José Luis Campos, Salvador Rodríguez, Julio Ruiz e Maripaz Bonte (24 de xuño).
- **Xornada sobre asociacionismo e certificación forestal organizada pola Asociación de Propietarios Forestais de Asturias**. Impartiu unha conferencia Francisco Dans (25 de xuño).
- **Reunión con representantes de Norfor** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (29 de xuño).
- **Mesa de traballo “Protección forestal” organizada pola Autoridade Forestal Nacional de Portugal** en Valença do Miño. Asistiu Beatriz Fernández (30 de xuño).
- **Xornadas formativas “Xestión dos espazos agroforestais en San Xurxo da Mariña e San Román de Doniños” organizadas pola AFG e o Concello de Ferrol** en Ferrol. Presentaron relatorio Antonio Rigueiro, Julio Ruiz e Francisco Dans. Moderou unha mesa redonda Enrique García (30 de xuño e 1 e 2 de xullo).
- **Asemblea Xeral de COSE** en Madrid. Asistiu en representación da AFG Josu Azpitarte (1 de xullo).
- **Xuntanza veciñal da C.M.V. de Salgueirón de Mos** en Mos. Asistiu José Luis Campos (3 de xullo).
- **Reunión co xefe do Servizo Provincial de Incendios de Pontevedra** en Pontevedra. Asistiron José Luis Campos, Salvador Rodríguez e Julio Ruiz (5 de xullo).
- **Reunión con representantes de Promagal sobre o borrador da Lei de Montes** en Santiago. Asistiron Francisco Dans e Braulio Molina (11 de xullo).
- **Reunión co director xeral de Montes** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (15 de xullo).
- **Reunión con representantes de Promagal** en Viveiro. Asistiron Antonio Rigueiro e Francisco Dans (20 de xullo).

Participación da AFG en actos de interese forestal

- **Reunión técnica do proxecto Silvaplus: parques de biomasa** en Ponteareas. Asistiron Julio Ruiz, Xosé Covelo, Francisco Dans e Daniel Rodríguez (27 de xullo).
- **Reunión coa xefa do Servizo de Conservación de Espazos Naturais sobre incidencias nos espazos da Rede Natura** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (13 de setembro).
- **Reunión técnica Silvaplus e visita a parques de biomasa** en Figueira da Foz. Asistiron Francisco Dans e Daniel Rodríguez (15 de setembro).
- **Reunión sobre o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Fragas do Eume** en Pontedeume. Asistiu Enrique García (19 de setembro).
- **Preparación da Xornada sobre cultivos enerxéticos da Plataforma Devesa** en Lugo. Asistiu Francisco Dans (20 de setembro).
- **Reunión con representante de Dalkia** en Santiago. Asistiron Francisco Dans, Braulio Molina e Daniel Rodríguez (22 de setembro).
- **Curso sobre as SOFOR** en Lugo. Asistiu Margarita López (22 de setembro).
- **4ª Reunión con representantes de Promagal** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana, Francisco Dans e Daniel Rodríguez (23 de setembro).
- **Curso sobre as SOFOR** en Santiago. Asistiu Braulio Molina (26 e 27 de setembro).
- **Reunión de asociacións de propietarios forestais do norte de España sobre problemas do eucalipto** en Oviedo. Asistiu Francisco Dans (27 de setembro).
- **Reunión entre representantes de COSE e ENCE sobre problemas do eucalipto** en Oviedo. Asistiu Francisco Dans (28 de setembro).
- **Reunión da Mesa da Madeira** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (30 de setembro).
- **Reunión do Consello de Engabiomasa** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (13 de outubro).
- **Reunión da Xunta de Goberno AFG** en Santiago (14 de outubro).
- **II Xornadas de enerxías renovables: biomasa e desenvolvemento rural organizado pola UNED** na Rúa de Valdeorras. Participou Braulio Molina (14 de outubro).
- **Xornada sobre cultivos enerxéticos organizada pola Plataforma Tecnolóxica Forestal Devesa** en Lugo. Asistiron Francisco Fernández de Ana, Antonio Rigueiro, Francisco Dans e Braulio Molina (17 de outubro).
- **Reunión con representantes de Promagal e da Dirección Xeral de Montes** en Santiago. Asistiron Francisco Dans e Daniel Rodríguez (3 de novembro).
- **Semana da Ciencia 2011: Ano Internacional da Química, Ano Internacional dos Bosques organizado en Pontevedra pola Sociedade de Ciencias de Galicia e a Misión Biolóxica de Galicia.** Participou Francisco Fernández de Ana (4-11 de novembro).
- **Reunión do Consello Forestal de Galicia** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (9 de novembro).
- **Acto de celebración da CMVMC de Cabral** en Vigo. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Daniel Rodríguez (13 de novembro).
- **XIV Avances en ciencia e tecnoloxía: 2011, Ano Internacional dos Bosques organizado pola Real Academia Galega de Ciencias** en Santiago. Presentan relatorio: Francisco Fernández de Ana e Antonio Rigueiro (14-16 de novembro).
- **Ciclo de conferencias Luis Asorey: Xestión forestal sostible en Galicia organizado pola Real Academia Galega de Ciencias** en Lugo. Presentan relatorio Francisco Dans e Antonio Rigueiro (22 e 23 de novembro).
- **Reunión técnica do proxecto Silvaplus** en Tomiño. Asistiron Francisco Dans, Daniel Rodríguez e Braulio Molina (24 de novembro).
- **Reunión de constitución do observatorio de biomasa dentro do proxecto Silvaplus** en Tomiño. Asistiron Francisco Fernández de Ana, José Luis Campos, Francisco Dans, Daniel Rodríguez, Braulio Molina e Xosé Covelo (24 de novembro).
- **VII Xornadas Forestais de ENCE** en Padrón. Asistiron Xosé Covelo e Daniel Rodríguez (25 de novembro).
- **Reunión con representantes de Promagal** en Vilalba. Asistiron Francisco Dans e Xosé Covelo (30 de novembro).
- **Reunión co director xeral de Conservación da Natureza** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (13 de decembro).
- **Reunión co director xeral de Patrimonio Cultural** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (15 de decembro).
- **Reunión con representantes de Promagal e da Dirección Xeral de Montes** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (15 de decembro).
- **Reunión con propietarios afectados polo nematodo** en Salvaterra de Miño. Asistiron Julio Ruiz e Daniel Rodríguez (28 de decembro).
- **Entrevista co director do Inega sobre o proxecto Silvaplus** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (10 de xaneiro).
- **Reunión con representantes de Promagal** en Ordes. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (23 de xaneiro).
- **Reunión con propietarios forestais afectados pola ampliación da Rede Natura 2000** nas Pontes. Asistiron José Luis Corral, Braulio Molina e Margarita López (31 de xaneiro).
- **Comité executivo da Plataforma Devesa** en Lourizán. Asistiu Francisco Fernández de Ana (2 de febreiro).
- **Reunión da Xunta de Goberno da AFG** en Santiago (3 de febreiro).
- **Reunión sobre o plan experimental de goniptero** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (8 de febreiro).
- **Asemblea Xeral da Asociación Costa Noroeste** en Narón. Asistiu Manuel Varela (13 de febreiro).
- **Reunión de preparación de proxecto de I+D de loita contra o goniptero** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (15 de febreiro).

Mercado da madeira en Galicia



Xosé Covelo Míguez

Xerente da unidade de comercialización de madeira de Selga

Eucalipto, anúnciase baixada e equiparación de prezos no noroeste. O último trimestre de 2011 supuxo para o eucalipto un momento de continuas novidades. Baixada de prezos, consolidación da prima por madeira procedente de montes certificados, equiparación dos prezos de madeira de eucalipto para pasta no noroeste peninsular e reestruturación das relacións históricas do sector.

Tres euros por tonelada é a cantidade que ENCE baixou a súa madeira nos últimos meses. Aínda que a baixada da cotización da pasta de celulosa non ven sendo moi pronunciada, polo que non se xustifica tal baixada de prezo da madeira en pé, a saturación do mercado pola madeira comercializada no último ano, xunto con outras argumentacións que poidan escapar ao noso entender, levaron á toma desta decisión. Do mesmo xeito, empresas pasteiras portuguesas están asumindo baixadas de entorno os 2 €/t.

Estas fortes baixadas e o ruxe ruxe de que a tendencia vai ser esta nos vindeiros meses, está sendo mal recibidas entre os propietarios forestais. Unha vez máis observan como a madeira de eucalipto cada día é menos rendible e que teñen que ir pensando en buscar alternativas na súa comercialización.

A valorización da madeira procedente de montes certificados PEFC e/ou FSC estase consoli-

dando tanto en empresas pasteiras nacionais como estranxeiras. Se ben, ata agora sempre se falaba duns 3 €/t en xeral, a partir das tarifas públicas de ENCE, dedúcese un valor de 2,75 €/t de prima pola madeira de eucalipto para pasta procedente de montes certificados que merque esta multinacional.


Outra das grandes novidades que ENCE ten posto enriba da mesa nos últimos meses é a equi-

ENCE segue sen pronunciarse sobre a comercialización da madeira de *Eucalyptus nitens* que pouco a pouco vai aumentando a súa superficie en Galicia.

paración dos prezos de compra de madeira nas dúas fábricas que ten no noroeste peninsular. Deste xeito lógrase que, de cara a esta empresa, o propietario particular poida tratar en igualdade de condicións de mercado xa teña o seu monte en Viveiro como en Ponteareas.

Ence tamén está promovendo unha profunda reestruturación nas relacións no mercado galego da madeira de eucalipto. Durante todo este ano man-

Prezos medios de venda de madeira en cargadoiro (€/m³)



tivéronse xuntanzas con diversas organizacións de propietarios forestais para acordar prezos de mercado estables e obxectivos.

Destas reunións xurdiron diferentes convenios con organizacións de propietarios para unha comercialización directa da madeira, o que tamén levou a un certo malestar entre moitos madeiristas subministradores habituais da multinacional pasteira.

Algúns destes madeiristas incluso se están organizando e unindo forzas e recursos de cara a defender o papel que desenvolven no difícil armazón forestal galego.

De todos estes movementos auspiciados por ENCE, séguese botando en falta un claro pronunciamento de cara a darlle saída á grande cantidade de plantacións de *Eucalyptus nitens* existentes en gran parte da xeografía galega. Se ben a fábrica de Navia asume o consumo dun 10% anual cun prezo 6 €/t inferior a *Eucalyptus globulus*, os propietarios consideran insuficiente esta postura xa que esta diferenza de prezo é inasumible e ademais, a fábrica de Pontevedra aínda non deu o paso para o consumo desta especie de eucalipto, perfectamente válida para a produción de pasta de papel.

Piñeiro, dificultades no mercado do tableiro.

Mentres que o consumo de piñeiro con destino a serra mantense estable, pero sen posibilidades de recuperar os verdadeiros anos de bonanza, o con-

sumo de piñeiro con destino a tableiro estase comprometendo de xeito progresivo.

Se ben non hai constancia de baixadas de prezos salientables da madeira de puntal, si que se teñen recibido novas que ateen á caída do consumo de produtos fabricados con tableiros, caso dos mobles de cociña, e de dificultades no mantemento da produción nalgunhas fábricas importantes. É o caso de FINSA que leva encadeados diversos EREs nas súas fábricas ao que recentemente se sumou o anuncio do peche da planta que teñen en Mondoñedo. Esta situación está levando á empresa a limitar o consumo de madeira para tableiro e a reducir as liñas de produción activas.

No sur de Galicia a influencia de Europa&c Kraft Viana, que produce papel a partir de madeira de piñeiro, segue supoñendo un dos principais consumidores de madeira de trituración de piñeiro.

No que respecta á zona demarcada como medida preventiva ante o nematodo no sur de Pontevedra, na actualidade e ata o 30 de marzo estanse realizando as cortas de madeira de piñeiro que vaia ser tratada dentro do radio dos 20 km. O curto prazo de corta e saca unido ao reducido grupo de empresas que actúan na actualidade na zona demarcada, condicionadas polas restricións impostas, parecen ser parte da causa polo que non se dá comercializado toda a madeira posta no mercado nesta zona.

Precios orientativos de la madera gallega

xaneiro 2012

MADERA DE SIERRA			
PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN (€/m ³)		PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA (€/m ³)	
PINO GALLEGO y PINO RADIATA		PINO GALLEGO y PINO RADIATA	
Precios de la rolla según calidad y diámetro en punta delgada. Calidad normal: rolla derecha, verde, sin azulaz.		Precios de la rolla según calidad y diámetro en punta delgada. Calidad normal: rolla derecha, verde, sin azulaz.	
∅ 14 a 19 cm	26-32 €/m ³ c/c	∅ 14 a 19 cm	41-47 €/m ³ c/c
∅ 20 a 29 cm	35-42 €/m ³ c/c	∅ 20 a 29 cm	45-52 €/m ³ c/c
∅ superior a 30 cm	41-58 €/m ³ c/c	∅ superior a 30 cm	48-68 €/m ³ c/c
EUCALIPTO		EUCALIPTO	
∅ superior a 35 cm	48-53 €/m ³ c/c	∅ superior a 35 cm	58-63 €/m ³ c/c
CASTAÑO		ROBLE	
Sierra (según usos)	80-120 €/m ³ c/c	Sierra (según usos)	50-95 €/m ³ c/c
Chapa	-	Leña	36-42 €/m ³ c/c

MADERA PARA ASTILLAR			
PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN (€/m ³)		PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA (€/m ³)	
PINO GALLEGO y PINO RADIATA		PINO GALLEGO y PINO RADIATA	
Precios de la madera de cualquier calidad, incluyendo raberones, piezas torcidas o secas, ramas, etc.		Precios de la madera de cualquier calidad, incluyendo raberones, piezas torcidas o secas, ramas, etc.	
Destino tablero	24-33 €/m ³ c/c	Destino tablero	32-41 €/m ³ c/c
EUCALIPTO		EUCALIPTO	
Destino pasta para papel	40-48 €/m ³ c/c 47-53 €/m ³ s/c	Destino pasta para papel	50-58 €/m ³ c/c 55-62 €/m ³ s/c
Destino tablero (> 8 cm)	28-34 €/m ³ c/c	Destino tablero (> 8 cm)	37-40 €/m ³ c/c
Destino tablero (< 8 cm)	17 €/m ³ c/c	Destino tablero (< 8 cm)	25 €/m ³ c/c

MADERA DE DESENLLO O CHAPA			
PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN (€/m ³)		PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA (€/m ³)	
PINO GALLEGO		PINO GALLEGO	
Precios de la rolla limpia de nudos, derecha, sin azulaz y con diámetros en punta delgada >35 cm para desenrollo y >55 cm para chapa plana		Precios de la rolla limpia de nudos, derecha, sin azulaz y con diámetros en punta delgada >35 cm para desenrollo y >55 cm para chapa plana	
Desenrollo	45-63 €/m ³ c/c	Desenrollo	52-69 €/m ³ c/c
Chapa plana	110 €/m ³ c/c	Chapa plana	120 €/m ³ c/c
EUCALIPTO		EUCALIPTO	
Desenrollo	48-52 €/m ³ c/c	Desenrollo	58-61 €/m ³ c/c
Chapa plana	71-82 €/m ³ c/c	Chapa plana	80-90 €/m ³ c/c

∅ diámetro	c/c con corteza	s/c sin corteza
------------	-----------------	-----------------

Estos precios tienen un fin exclusivamente orientativo para el productor de madera y han sido proporcionados por selvicultores e industrias de la madera de las cuatro provincias gallegas. Los márgenes de precios que se indican obedecen al precio mínimo y máximo de cada producto que ha sido facilitado. Desde aquí nuestro agradecimiento a todas las personas y las empresas que han colaborado.

(En la utilización de estos datos se ruega mencionar la fuente de información)

Para mayor información pueden dirigirse a las oficinas de la AFG

Galiforest



II Monográfico Forestal Internacional para o Sur de Europa

28 - 30 xuño de 2012

**Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude
Boqueixón - Santiago de Compostela**

www.galiforest.com

 **www.facebook.com/galiforest**

ORGANIZA:

Feira Internacional de Galicia

